



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 45

Sesión plenaria
3 de agosto de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira (doc. núm. 19786, 11/LGNF-000002).

Punto 2. Comparecencia do conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da Atención Primaria e dos Servizos de Urxencias, e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas (doc. núm. 19105; 11/SCDP-000005).



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e trinta e dous minutos da mañá.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor presidente explica o procedemento e comunica os tempos das intervencións. (Páx. 4.)

Presentación do Goberno: Sr. conselleiro de Facenda e Administración Pública (Martínez García). (Páx. 4.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Caballero Miguez (S) (Páx. 9.), Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 12.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 16.)

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira: aprobado por 42 votos a favor, 31 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 20.)

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid- 19, o colapso da Atención Primaria e dos Servizos de Urxencias e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas

Intervención do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 21.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 31.), Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 34.) e Sra. Amigo Díaz (P). (Páx. 38.)

Réplica do Goberno: Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 42.)

O señor presidente (Calvo Pouso) procede a abrir unha rolda especial de aclaracións con dúplica do Goberno. Nesta rolda interveñen a Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 48.), o Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 50.), a Sra. Amigo Díaz (P) (Páx. 53.) e o Sr. conselleiro de Sanidade (García Comesaña). (Páx. 55.)

Remata a sesión á unha e corenta e dous minutos da tarde.



Ábrese a sesión ás dez e trinta e dous minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Entramos, polo tanto, na orde do día.

Primeiro punto.

Debate e votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira

O señor PRESIDENTE: O procedemento é que o Consello da Xunta de Galicia, con data 19 de xullo de 2021, acordou o límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, que se fixa en 11.571 millóns de euros, de conformidade co establecido no artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, remitido a esta Cámara para a súa aprobación, xunto co informe da Estratexia financeiro-fiscal referido no artigo 12.1 da precitada lei.

Antes de proceder á votación, o Goberno dispón dunha rolda de 15 minutos para a súa presentación e, a seguir, concédese unha rolda para cada un dos grupos parlamentarios por un tempo de 10 minutos.

Polo tanto, para a presentación, ten a palabra o conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): Moitas garzas, presidente.

Bos días, señorías.

Comparezo hoxe ante o Parlamento para presentar o límite de gasto non financeiro para o ano 2022 aprobado o pasado xoves polo Consello da Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 12 da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Con este xa son once anos traendo á Cámara o teito de gasto, un instrumento co que o Goberno galego foi pioneiro na súa aprobación por lei. Ademais, a normativa galega, en aras a apostar pola máxima transparencia, estableceu que non só o Executivo o tiña que aprobar,



senón que tamén o tiña que someter á consideración do Parlamento autonómico para pedirle autorización a este límite de gasto non financeiro, trámite no que nos atopamos.

Señorías, o primeiro que quero salientar é que este ano presentamos ao Parlamento o teito de gasto en tempo e forma, logo de tres exercicios consecutivos cun atraso sobre o ciclo orzamentario normal e habitual, nos tres casos cunha demora non atribuíble ao Goberno galego.

E podémolo traer a este pleno en tempo e forma porque o aprobamos no Consello apenas 24 horas despois da celebración do Consello de Política Fiscal e Financeira; unha reunión na que recibimos información esencial para a súa elaboración. Con esta tramitación, e grazas á estabilidade política e institucional que temos, podemos garantir que Galicia terá un ano máis, en 2022, orzamentos. O noso obxectivo é entregar as contas autonómicas a esta Cámara antes do 20 de outubro para que poidamos ter en vigor os orzamentos de 2022 xa a partir do primeiro de xaneiro. Queremos ser dilixentes porque os orzamentos son a principal ferramenta para poder superar a pandemia e seguir reactivando a economía.

Señorías, pese a que, desgraciadamente, aínda seguimos padecendo a covid-19, o proceso de vacinación reduciu de maneira drástica a gravidade dos contaxios, e agardamos que nas vindeiras semanas se poida ir inmunizando cada vez a un maior número de poboación máis moza, que é a que agora está a ter máis casos positivos precisamente porque aínda non puideron ser vacinados.

Afortunadamente, o debate do teito de gasto para o 2022 prodúcese nun contexto moito máis positivo que o ano anterior, pois a previsión é que, tanto neste exercicio como no seguinte, Galicia manterá un forte crecemento económico, logo da caída abrupta do ano 2020 por mor da pandemia, que, pese a ser menor que a media en España, afectou de maneira moi importante tanto familias como empresas. Desde o Goberno galego traballamos cada día para a recuperación económica e do emprego, para que esta sexa o máis rápida posible.

A segunda cuestión que quero subliñar é que o teito de gasto para o 2022, ao igual que o que presentamos o pasado ano, é excepcional, porque aínda en menor contía seguiremos contando con recursos extraordinarios para tratar de atender tres prioridades: dar por superada a pandemia en termos sanitarios, recuperar a actividade económica e o emprego para situarnos canto antes nos termos previos á pandemia e garantir a protección tanto a familias como aos sectores económicos.

Tal e como é habitual para fixar o teito de gasto, o primeiro que fixemos foi unha actualización do cadro macroeconómico, para, por un lado, adaptar o do ano 2021 á evolución da pandemia e, por outro, estimar unhas previsións para o 2022 realistas e prudentes.

Hai que ter en conta que o cadro macroeconómico actual foi estimado a finais do ano 2020 e que as sucesivas ondas da pandemia, de maneira máis acusada no primeiro trimestre deste ano, impactaron na previsión. Neste momento, as nosas estimacións, realizadas polo Instituto Galego de Estatística, apuntan a unha senda de crecemento sostido baseado tanto no avance da demanda interna como da demanda externa. Segundo estas previsións, Galicia crecerá un mínimo do 5,5 % este ano, e un 6 % no seguinte; unha evolución positiva que



nos permitirá acadar a mediados do ano 2022 o nivel de riqueza precovid dous trimestres antes que a media do conxunto de España.

Desde o comezo da pandemia, o consumo viuse afectado polas restricións á mobilidade e pola incerteza arredor do mercado laboral, o que provocou un incremento no aforro. A previsión, unha vez reducidas as restricións, é que o consumo aumente. Pola súa banda, estimamos que o investimento se verá impulsado polos fondos europeos, a maior parte deles dedicados ao investimento público, que terá un efecto arrastre sobre o investimento privado.

A demanda externa consideramos que será positiva nos dous anos, xa que a mellora da situación sanitaria dos países da nosa contorna —os nosos principais socios económicos— favorecerá as exportacións.

Respecto do emprego, a súa evolución será tamén positiva, tanto en 2021, cunha previsión de crecemento do 4,4 % en postos de traballo equivalentes a tempo completo, e dun aumento do 3,6 % no 2022. Temos que ter en conta as restricións que a mobilidade ocasionou respecto do incremento da aprobación inactiva no ano 2021, ante a imposibilidade dunha busca activa de emprego. Pero a mellora da situación económica provocará a reincorporación desta poboación ao mercado. Con este escenario, a taxa media de paro prevista para o ano 2021 é do 12,7 %, que se reducirá ata o 12,1 % no ano 2022.

Señorías, unha vez explicada a actualización do cadro macroeconómico, exporeilles como calculamos os ingresos para o ano 2022, un exercicio no que, como xa dixen, dispoñemos de recursos extraordinarios, como logo detallarei.

Quixera comezar por exporlles a evolución prevista dos ingresos que podemos considerar como ordinarios. A partida que, dentro dos recursos non financeiros de Galicia, ten maior importancia é a que procede do sistema de financiamento autonómico. Con carácter xeral esta partida supón un 80 % do total, pero neste límite de gasto baixa ata o 71 % pola importante achega dos fondos Next Generation da Unión Europea. Así, para o vindeiro ano, o total de recursos procedentes do sistema de financiamento autonómico increméntase no 1,9 % ata chegar aos 7.994,7 millóns de euros; evolución que deriva do efecto combinado do cálculo das entregas á conta, da liquidación do exercicio 2020, do pago das contías adiadas das liquidacións negativas de 2008 e 2009 e da compensación extraordinaria pola liquidación negativa do ano 2020.

No que atinxe ás entregas á conta do ao 2022, experimentan un crecemento do 6,9 %, recollendo os froitos da recuperación económica, principalmente debido ao incremento das entregas do Fondo de Suficiencia, do IRPF e do Fondo de Garantía.

Respecto das transferencias finalistas ordinarias doutras administracións, supoñen 1.236 millóns de euros.

Ademais, para completar as partidas ordinarias, contaremos con outros recursos non financeiros, por importe de 1.070 millóns de euros.



Se nos referimos aos recursos propios non financeiros, conformados polos tributos cedidos, os propios, os prezos públicos e privados e os ingresos patrimoniais, estímase que o seu importe aumentará nun 18 %, recollendo, pois, os efectos favorables da recuperación.

Estas previsións responden á evolución positiva da actividade e ao aumento dos prezos do mercado, o que conlevará unha elevación da recadación esperada.

En canto ao déficit público como consecuencia da situación extraordinaria desde o ano pasado, cando se suspenderon as regras fiscais, para o 2022 o Goberno de España mantén unha taxa de referencia que seguiremos en Galicia. Así, decidimos empregar un déficit público do 0,6 %, que representa 415 millóns de euros, o máximo posible na taxa de referencia apuntada polo Goberno central, pero case a metade que a deste ano, que se elevou ao 1,1 % do PIB.

Tomamos esta decisión porque antes da pandemia tiñamos practicamente completada a senda de consolidación fiscal, sendo Galicia a comunidade autónoma que menos incrementou o seu endebedamento na última década. Por esta razón, estamos nunha mellor situación para optar estes anos excepcionais por un endebedamento que, en calquera caso, seguirá a ser responsable.

Finalmente, inclúense os que se denominan axustes en contabilidade nacional, por un importe negativo de 41 millóns de euros.

Señorías, a estes recursos ordinarios por importe de 10.675,5 millóns de euros sumaremos outros 895 millóns de euros de recursos extraordinarios; unha cantidade sensiblemente menor que a deste ano, en parte porque no 2022 non se vai recibir a transferencia extraordinaria por parte da Administración central do Estado para financiar os gastos extraordinarios provocados pola pandemia. Así, para poder manter unha capacidade de gasto similar á deste ano, a partida máis importante de recursos extraordinarios virá pola vía dos fondos europeos, para a que, para o seu conxunto, se estima un incremento de 24,4 %, fundamentalmente pola inclusión dos recursos adicionais que veñen do mecanismo de recuperación e resiliencia para facer fronte aos efectos sen precedentes da crise da covid-19. A previsión é que a Galicia lle corresponden 417,3 millóns de euros, que marcan un mínimo no día de hoxe. Ademais, recóllense os recursos da segunda anualidade da React-EU, unha axuda á recuperación para a cohesión dos territorios de Europa, cunha programación de 267 millóns de euros.

E, finalmente, inclúense 2011 millóns de euros adicionais correspondentes a mensualidades do IVE de 2017 e que nos tiña que ter transferido o Goberno central en 2019 en cumprimento do sistema de financiamento autonómico.

Señorías, lembran perfectamente que nesta Cámara se aprobaron varias iniciativas ao respecto. O Goberno central negouse unha e outra vez a esta transferencia e retivo estes cartos sen acceder a unha solución dialogada. Por iso, tras esgotar todas as vías de diálogo, o Goberno galego acudiu ao Tribunal Supremo, que lle deu a razón a Galicia no pasado mes de maio, concluíndo que estes cartos son das galegas e dos galegos.



De non ser por esta cantidade, o teito de gasto baixaría 211 millóns de euros. Con estes recursos teremos unha capacidade de gasto similar á deste ano, que —reitero— é excepcional por mor da pandemia.

Señoría, ponse desta maneira punto final á reivindicación xusta de Galicia, que o Goberno central tan só asumiu tras unha sentenza xudicial. Se o ano que vén todas as comunidades autónomas reciben o IVE pendente de 2017, non é porque fose intención do Goberno central, senón que é polo cumprimento dunha sentenza xudicial que deu a razón a Galicia, como tamén a Castela e León.

Por tanto, logo de ter escoitado algunhas declaracións moi pouco afortunadas, resulta satisfactorio poder render contas no Pleno deste Parlamento da posición que sempre mantivo o Goberno en defensa de Galicia, pois Galicia liderou no 2018 a reclamación xusta do IVE e Galicia liderou tamén a solución tres anos máis tarde para que estes recursos retidos polo Goberno central se transfiran no 2022 a todas as comunidades, acudisen ou non aos tribunais.

Señorías, desde a lealdade institucional, pero con firmeza, este goberno defendeu a Galicia e fíxose respectar. O *Diario de Sesións* dará conta da posición que mantivo cadaquén.

O realmente importante agora é que en 2022 os galegos recuperarán os 211 millóns de euros aos que Galicia tiña dereito e que nos axudarán a superar a pandemia e a reactivar a economía.

Unha vez explicada a procedencia dos ingresos, presentamos á Cámara un teito de gasto para o 2022 prudente e rigoroso, que ascende a 11.571.000 millóns de euros, cun lixeiro incremento de 8 millóns en relación á capacidade orzamentaria deste exercicio. Desta cantidade, 11.197 son ingresos non financeiros, 415 proceden do obxectivo de déficit e 41 corresponden a axustes negativos de contabilidade nacional.

Con este límite de gasto non financeiro, estamos en disposición de comezar a elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o próximo exercicio; unhas contas para impulsar a recuperación da actividade económica e o emprego, partindo da Estratexia Next Generation e do Plan estratéxico, baseados no crecemento sostible e cohesionado social e territorialmente, afondando na innovación e no coñecemento para a vía de desenvolvemento. Para iso orientaremos de xeito prioritario os recursos extraordinarios ao investimento produtivo e ao mantemento da prestación con garantías dos servizos sociosanitarios e educativos.

Pídolles a todos os grupos parlamentarios o apoio a este teito de gasto, co obxectivo de superar a pandemia, recuperar a economía e reforzar o benestar das galegas e dos galegos. En resumo, é un teito de gasto elaborado a partir de previsións prudentes, con menos endebedamento e menos recursos extraordinarios, con máis recursos propios e máis fondos europeos para a recuperación, que recupera para Galicia, grazas á firmeza do Goberno galego —co apoio desta Cámara—, os 211 millóns de euros do IVE de 2017 retidos polo Goberno central, e que permitirá recuperar, a mediados do ano 2022...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (Martínez García): ...e antes que a media de España, a riqueza previa á pandemia, con tres prioridades: dar por superada a pandemia en termos sanitarios, seguir reactivando a actividade económica e o emprego e garantir a protección e o benestar das nosas familias e das nosas empresas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Gonzalo Caballero Miguez.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señorías, seguimos vivindo en tempos de enorme dificultade, en tempos excepcionais, pola gravidade dos acontecementos, en tempos nos que as políticas públicas e as políticas económicas teñen que acertar máis ca nunca. A cidadanía segue preocupada por dous grandes elementos de referencia: a vacinación e a reactivación. A vacinación é tamén a base para a reactivación económica do noso país. A vacinación é a mellor garantía para poder loitar contra o virus, e é tamén a gota de esperanza que permite enfilar o futuro con horizonte, con estratexia e con plantexamentos de país. E a reactivación é o reto que dende as políticas económicas cómpre abordar, con acerto, con capacidade de gasto e con capacidade de xestionar orzamentos que se poñan ao servizo da reactivación.

A estratexia que está seguindo España está acertando na vacinación, e está acertando tamén na reactivación, e estao facendo porque o Goberno de España marcou dúas grandes liñas: unha estratexia de vacinación a carón da ciencia, dos profesionais sanitarios, e a carón da Unión Europea, que permitiu empezar a vacinar dende principios deste ano, e porque o Goberno de España acadou un conxunto de políticas económicas de gasto público na Unión Europea que permiten mudar radicalmente a orientación das políticas de axuste que a dereita aplicaba noutras crises económicas.

É por iso que temos que sumarnos a esa estratexia, á de vacinación e á de reactivación, á de vacinar, vacinar, vacinar, e á de poñer todas as posibilidades das administracións públicas a defender políticas para as persoas. E iso é o que cómpre facer tamén dende o Goberno da Xunta de Galicia. Quedan atrás os meses nos que a dereita rexeitaba as políticas expansivas ou as políticas keynesianas para facer fronte á crise económica. Quedan atrás os meses nos que o presidente da Xunta desconfiaba de que puidésemos empezar a vacinar dende principios deste ano e plantexaba que non habería vacinas ata o segundo trimestre do ano 2021, cando agora xa o 70 % dos galegos teñen polo menos unha dose de vacinación e imos cumprir os obxectivos marcados polo presidente do Goberno de España.



Pero vostedes plantexan hoxe unha capacidade de gasto que reduce o teito de gasto con respecto ao do ano anterior. Neste ano 2021 o teito do gasto da Autonomía galega está en 11.664 millóns de euros, e vostedes plantexan un teito de gasto para o 2022 que reduce en 93 millóns de euros as posibilidades de gasto da Autonomía galega. Queren poñer o teito de gasto en 11.571 millóns, e quérolles dicir, señores do Goberno, señor presidente, conselleiro de Economía, conselleiro de Facenda, que non teñan medo ás políticas expansivas, que non sigan aferrados ao resto das políticas dos recortes e da austeridade, que asuman que os orzamentos teñen un papel fundamental para reactivar Galicia e que eses fundamentos teñen que marcar catro grandes liñas para a reactivación. Necesitamos uns orzamentos que sexan os orzamentos do crecemento, necesitamos uns orzamentos que sexan os orzamentos do emprego, necesitamos uns orzamentos que sexan os orzamentos da igualdade e da cohesión social e necesitamos uns orzamentos que sexan os orzamentos da modernización, coa transición ecolóxica e a transición dixital á fronte. E para iso é necesario asumir que o gasto público é unha receita positiva e non é un problema, que podemos levar o teito de gasto, facendo as políticas expansivas necesarias, a onde conveña a Galicia, que non podemos deixar atrás a ninguén, porque o Goberno do Partido Popular segue querendo practicar as receitas da austeridade en vez de asumir as posibilidades de gasto que marca o Goberno de España coas institucións europeas e un plan de fondos europeos que o muda case todo. Quérolles dicir que modifiquen esa reacción que vostedes teñen, ese rexeitamento que teñen ás políticas expansivas.

O Goberno do PP, en España e en Galicia, xestionou moi mal a gran recesión económica do anos 2008 e 2009. Eu entendo que a vostedes lles custa poñerse ao día, entender que as políticas económicas e expansivas son un elemento para mellorar o país, pero téñeno que facer, a pesar do seu ADN, que segue sendo o ADN dos recortes, das axudas e do austericidio. E téñeno que facer porque Galicia ve que hai moitos problemas que non teñen resposta desde este goberno. Cando imos á sanidade pública, atopámonos con listas de espera en atención primaria, atopámonos con que pechan 600 camas hospitalarias neste verán en Galicia, atopámonos con que o Colexio de Médicos da provincia de Pontevedra presenta unha denuncia penal contra dirixentes e directivos da Consellería de Sanidade pola saturación na atención primaria (*Aplausos.*) e atopámonos con máis listas de espera en quirófanos e en especialistas, porque a sanidade pública necesita persoal, contratos estables e recursos, e vostedes non llos queren dar.

Hai que apostar tamén por unha educación, porque non podemos iniciar o curso 2021-2022 despedindo a centos de profesores que foron contratados para reforzar a educación pública neste curso, porque Galicia segue estando na cola das políticas sociais. Dío o informe de directivos e xerentes de atención social en toda España. Somos a comunidade trece de dezasete, a décimo terceira das dezasete comunidades autónomas en servizos sociais, temos menos persoal en servizos sociais por habitante, temos menos gasto social por habitante, hai risco de pobreza e esta crise supón tamén un risco para a desigualdade.

É necesario seguir dando apoios fiscais a moitos sectores que están pechados neste momento e que teñen dificultades, porque, cando esta quinta onda implica que temos que rebaixar o nivel de desescalada en tantas bisbarras de Galicia, hai moitas familias que teñen que pechar as ventás, os negocios e as súas posibilidades económicas. Cómpre que o Goberno galego



lles dea axudas e lles poña fondos, porque necesitamos aumentar o gasto en I+D+i, que non é gasto, é investimento, e para iso necesitamos unha capacidade de gasto para contratar máis investigadores e investigadoras, para elevar o gasto en ciencia ao 1,5 % do PIB en Galicia, e hai que incrementar o investimento en cultura, temos que ir cara ao 1 % de investimento cultural dentro dos orzamentos da Xunta, porque os mozos de Galicia queren ter futuro no país e porque vostedes teñen, con estas posibilidades de gasto de 11.500 millóns que vostedes plantexan con este teito de gasto, pero tamén coas posibilidades que vostedes non queren explorar, a posibilidade de xerar emprego para os mozos e mozas.

Vostedes rexeitaron un plan de emprego que con 10 millóns de euros podía xerar este ano 3.000 postos de traballo para mozos e mozas galegas. (*Aplausos.*) Non sigan vostedes recorrendo. Cada millón de euros que vostedes quitan dos orzamentos son milleiros de postos de emprego que en Galicia se perden. E as mulleres necesitan políticas de igualdade para saír desta crise, para poder apostar pola conciliación e para poder saír adiante e non quedar rezagadas. É necesaria a política expansiva, é necesaria a política keynesiana, e vostedes utilizan os fondos que chegan, pero non xestionan os que vostedes poden facer.

Gustaríanos poder darlles un voto de credibilidade, pero vimos na Comisión de Reactivación que no día de hoxe aínda os máis de 100 millóns de euros do chamado Fondo Consenso están sen entregar, sen adicar, sen executar nos orzamentos da Xunta de Galicia, e iso amosa que o Goberno do Partido Popular nin ten vontade nin eficacia nin eficiencia para xestionar os fondos públicos na maior crise económica e social. (*Aplausos.*) Nunca o souberon facer. Vostedes aplicaron os recortes durante unha década en Galicia, e atópanse de repente cos maiores orzamentos da historia do noso país e non saben como aproveitalos para modernizar a economía, para dar crecemento, para xerar emprego e para potenciar o futuro dos galegos e das galegas.

Vostedes, señores do Partido Popular, volven perder unha oportunidade para reactivar Galicia, para darlle a Galicia unha política económica que dea futuro aos galegos e ás galegas. Estes orzamentos teñen un compoñente, que é que hai que implicar a toda a sociedade. Temos que buscar a capacidade de lograr acordos para reactivar Galicia, pero vostedes non o queren facer. Estes orzamentos que vostedes van poder executar poden ter un teito de gasto máis elevado se vostedes queren, e pónolles un exemplo: eliminen vostedes a última reforma que fixeron do imposto de patrimonio, que era unha reforma adicada a liberar de pagar impostos á xente que máis cartos ten. (*Aplausos.*) Deixen de ser os socios dos millonarios de Galicia e pónanse a traballar polos galegos e galegas, que necesitan política social, servizos públicos, emprego, crecemento e igualdade. Para iso vostedes suspenden.

E é por iso que nunca é tarde para mudar e para mellorar. Estes orzamentos que van vostedes poder elaborar a finais deste ano van plantexar unha orientación da política económica para o ano 2022. Sabemos que as posibilidades de crecemento están aí, que a economía galega tivo uns cinco trimestres de crecemento negativo consecutivos derivados dos momentos da pandemia e que hai capacidade neste 2021 e no ano 2022 de ter taxas de crecemento positivas que relancen a economía e as posibilidades do país. Para iso estes orzamentos incorporan unha cantidade importante de fondos europeos. Van ser o que vai permitir que se incremente o teito de gasto ata o nivel en que está, por debaixo do deste ano. Eu quérrolles dicir que sexan ambiciosos, polos galegos e polas galegas, que non estean na política dos recortes, que aban-



donen esa política de gardar os cartos no colchón, de ser rácanos, cando os galegos e as galegas peor o están pasando. Poñan fondos nas mans dos galegos, dos concellos, da sanidade, da educación, xeren emprego, póñanse a traballar polos galegos e as galegas e aumenten o gasto público, porque é un motivo de impulsar a demanda, o consumo, o investimento, de xerar círculos virtuosos que teñan un efecto multiplicador para sacar o país da crise económica e para poñer os galegos en situación próspera e en situación de progreso.

Quérolles dicir, señores do Partido Popular, que o tempo da austeridade ante as crisis económicas cambiou; cambiou a pesar de vostedes, que aínda a principios deste ano foron ao Congreso dos Deputados votar en contra do real decreto que permite que eses fondos europeos poidan estar nas mans das autonomías dende agora mesmo. Porque hai un compromiso que é importante, que permite que o 55 % dos fondos europeos do 2021 estean nas mans das comunidades autónomas, e o Goberno de España xa anticipou 7.230 millóns dos fondos europeos ás comunidades autónomas, que van xestionar uns 10.500 millóns. Vostedes teñen que poñerse a traballar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Non sabemos que proxectos queren potenciar en Galicia, non sabemos cales son as prioridades para os fondos europeos; seguen na política da opacidade, na política de non facer nada. En Galicia, á hora de falar da política económica, vostedes están ausentes. Os galegos e galegas saben que o Goberno da Xunta os deixou orfos, que non hai xestión para reactivar Galicia, que non hai potenciación. Hai que facer política para as persoas no momento da maior crise. E para iso o gasto público non é un problema, para iso pódese incrementar a capacidade de facer máis pola sanidade, pola educación, polos servizos sociais, se vostedes fan unha política que entenda que a igualdade é fundamental. E a igualdade é fundamental para poñer fondos e servizos públicos nas mans de quen máis o necesita, e para iso teñen que contribuír os que máis teñen.

Este goberno do Partido Popular segue refén do ADN dos axustes e da austeridade. Este é un goberno do Partido Popular que ten os brazos caídos e que non quere impulsar a reactivación desde a Xunta de Galicia; un goberno do Partido Popular superado por unha...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero, terminou o seu tempo. *(O señor Caballero Miguez pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señor Caballero, terminou o seu tempo.

Grazas.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.



Moi bo día, señorías.

Señor conselleiro.

Dicía recentemente a economista Mariana Mazzucato que o obxectivo neste momento de pandemia non é volver á normalidade, porque o normal é non só o que nos meteu neste caos, senón tamén na crise financeira e na crise climática.

Nós coincidimos con esta diagnose que fai Mazzucato, porque, evidentemente, estamos vivindo nun momento excepcional que está atravesado por tres crises: pola crise sanitaria, pola crise económica e por unha crise climática.

E nestas circunstancias excepcionais non valen as receitas que vostede nos trae hoxe aquí, que representan volver a esa vella normalidade. Nós o que queremos é desenvolver un novo modelo económico que ten que reforzar os servizos públicos, que ten que poñer a Galiza a producir, apostando pola innovación e por crear emprego de calidade, e que tamén debe de afrontar a emerxencia ambiental.

Evidentemente, o debate dos orzamentos é moi importante, porque os orzamentos son a carta de presentación de cara a onde quere camiñar este goberno; son toda unha declaración de intencións. E, evidentemente, nese camiño para aprobar os orzamentos, o teito de gasto é un primeiro paso que xa indica cal é a dirección que quere tomar o Goberno do Partido Popular, que é a dos recortes, cando se necesita expansión, e a de reducir gasto e investimento, cando máis se necesita, porque estamos en plena crise.

Quixera empezar por dicir que é un motivo de preocupación que nun momento como este se baixe o teito de gasto, a pesar de que o señor Feijóo intentou dicirlles aos galegos e ás galegas que había máis investimento. Pero a realidade é que no 2021 o Partido Popular aprobou neste Parlamento un teito de gasto de 11.664 millóns de euros e que hoxe traen a esta Cámara un teito de gasto de 11.571 millóns de euros. Simplemente cunha operación aritmética moi simple podemos ver que son 93 millóns de euros menos.

Tamén é importante dicir que, dentro deses ingresos, como vostede sinalaba, están incluídos os 211 millóns de euros que o Estado nos tivo que devolver en relación co IVE, pero son uns orzamentos que xa estaban computados no ano 2017. Polo tanto, se vostedes fixeron ben o seu traballo, esa contía debía estar xa investida.

Polo tanto, se quitamos a maquillaxe das súas cifras, a realidade é que o teito de gasto baixa nada menos que 304 millóns de euros. É dicir, que no medio dunha crise sanitaria, económica e social sen precedentes o Goberno de Feijóo ten previsto investir menos. Unha vez máis, o presidente da Xunta é unha especie de kamikaze que vai en dirección contraria pola autoestrada, e, cando toca elixir uns orzamentos expansivos, o que fai é recortar o investimento. *(Aplausos.)*

Esa redución do teito de gasto moito tememos que é o inicio duns orzamentos rutineiros, que traerán vellas receitas fracasadas, que non van permitir aproveitar a capacidade que ten Galiza



para poder saír desta crise, que non van axudar á recuperación e que non van promover a capacidade produtiva, nin sentar as bases dun novo modelo económico, que, para nós, desde logo, ten que ser sustentable, con base na ciencia, na investigación, no emprego de calidade e na igualdade. É un recorte que non vai permitir reforzar servizos públicos como a sanidade, nin poñer en marcha un novo modelo de residencias que garanta o dereito a unha vellez digna.

Desde logo, nós pensamos, señoras e señores do Partido Popular, que este teito de gasto non é a resposta que necesita Galiza nun momento de pandemia, e que non é unha resposta que estea á altura do momento. Os orzamentos do PP non serán os orzamentos para solucionar as leccións da pandemia, nin serán os orzamentos que nos permitan encarrilar problemas estruturais que xa tiña Galiza e que a pandemia agudizou. Non serán os presupostos que revertan doce anos de recortes na sanidade, nin os que saquen a atención primaria do colapso e da saturación.

E, neste punto, permítanme dicirlles que a posición do Goberno do PP é indecente e que roza a prevaricación, porque, sabendo como están os centros de saúde e o persoal sanitario, non están movendo un dedo para sacar a sanidade pública da situación límite na que vostedes a situaron. *(Aplausos.)*

E hai que dicilo con toda claridade: é literalmente inhumano o que están facendo coa atención primaria, tanto no que respecta ao maltrato ás profesionais e aos profesionais como na deterioración da saúde da cidadanía, porque os recortes teñen consecuencias, e, desde logo, estámolas vendo neste momento. Por iso insistimos en que se necesita un plan de choque de atención primaria con 200 millóns de euros que permita rescatar os profesionais e a cidadanía e en que necesitamos que este goberno entenda que os próximos orzamentos deben situar a atención primaria no 25 % do gasto público do Sergas. *(Aplausos.)*

Vemos tamén, señorías, que cun teito de gasto á baixa non se vai permitir recuperar para o público a xestión das residencias públicas, e desde logo non será recortando ingresos como se van reactivar os sectores produtivos, pese a que a pandemia deixa moi claro a importancia de producir aquí bens básicos que son fundamentais.

E tampouco será recortando o teito de gasto como se lle poden dar a Galiza ferramentas para solucionar problemas estruturais, porque é que este país, antes da crise da covid, xa tiña fuga de talento, unha desertización industrial que avanza de maneira imparable ou un colapso demográfico que se está agudizando pola emigración masiva de xente nova.

Señorías, en 2009 o orzamento da Xunta foi de 11.426 millóns de euros. Como ven, é unha cifra moi similar á que hoxe trae o Partido Popular a este Parlamento, pero nós sabemos que os recursos de hoxe non son iguais que os recursos de hai dez anos, e, se temos en conta o que significou un IPC acumulado do 14,4 %, a realidade é que Galiza vai ter menos recursos en 2022 para enfrontar a peor crise que temos vivido en tempos de paz que o que tiñamos no 2009 e, polo tanto, é unha irresponsabilidade que non sexan conscientes de que para saír desta crise se necesita un impulso que non lle van dar estes orzamentos.

Nós, desde logo, entendemos que fan falta recursos, tamén ideas para saber como investir dunha maneira solvente eses recursos, pero sen recursos non seremos capaces de facelo. E



para poder conseguir que Galiza reciba até o último euro que nos corresponde para afrontar esta crise, necesitamos que o señor Feijóo abandone o argumentario de Génova e que exerza por unha vez como presidente deste país, que busque, como fan outras nacións, unha relación bilateral co Estado para poder conseguir os recursos que necesitamos, poñendo sobre a mesa as demandas de Galiza.

Por iso, señorías, nós cremos que é importante, vendo as insuficiencias dos recursos que vostedes hoxe nos traen aquí, que se convoque unha comisión bilateral Xunta-Estado para negociar en pé de igualdade o financiamento que Galiza necesita para superar esta crise e dar solucións aos retos de futuro; unha comisión bilateral que, desde o noso punto de vista, debe de poñer sobre a mesa tres asuntos centrais: os fondos Next Generation, os investimentos nos orzamentos do Estado para o 2022 e un novo modelo de financiamento.

En relación con este primeiro asunto, nós entendemos que eses fondos van ser os únicos extraordinarios, e o que temos até o de agora é que, a pesar de que ao Estado español se lle asignaron máis de 50.000 millóns de euros, Galiza recibiu e xestionou menos do 2 % do total e menos do 6 % do distribuído entre as comunidades autónomas. Isto implica non só que hai un risco pola centralización, senón que o Goberno galego está facendo mal os seus deberes, entre outras cousas porque, cando había que votar para que eses fondos viñeran para Galiza, o Partido Popular o que votou, igual que o Partido Socialista, foi «non» a esa xestión directa no noso país. (*Aplausos.*) Pero están a tempo de reaccionar e de reclamar esa negociación bilateral.

A segunda cuestión é que, desde logo, ten que haber un trato xusto nos orzamentos do Estado de 2022. Non pode repetirse a historia dos últimos anos, onde vimos como gobernos do PP e gobernos do PSOE e Podemos o que lle daban eran recortazos ao noso país mentres aquí outros territorios tiñan unha choiva de millóns. Póñanse a traballar para demandar ese trato xusto.

E a terceira cuestión é un novo modelo de financiamento que lle permita a este país ter a chave dos cartos para establecer as súas prioridades de gasto e investimento. O que non podemos permitir é que a chave dos cartos dos galegos e das galegas siga estando en Madrid, porque o que vemos é que o actual modelo lle sae moi caro a Galiza e que é un modelo inservible. Desde logo, esta crise deixou ao aire as súas costuras, e nós queremos que o formato desa comisión bilateral sexa a guía pola que se ten que seguir. Estamos vendo que Euskadi e Cataluña están usando esa vía con resultados favorables e que conseguen desbloquear transferencias ou conseguen investimentos millonarios. O Partido Popular en Galiza vota en contra desta posición. Non sei se agora que en Andalucía apostan pola bilateralidade o Goberno galego empezará a saír desa submisión e empezará a ver que esa é a vía na que hai que traballar (*Aplausos.*), poñer os problemas de Galiza sobre a mesa e, desde logo, enfrontalos con outra posición.

Nós, señorías, estamos nun momento clave no que se require ambición de país e no que non vale nin a confrontación estéril nin a submisión. Non valen, desde logo, os triunfalismos, nin vir aquí compararse sempre cos que están peor, ou retorcer os datos para crear unha especie de *fake* realidade. Vémolo, por exemplo, coa débeda. Sempre se comparan cos que están peor, pero esconden unha cousa, e é que vostedes triplicaron a débeda de Galiza. E o que non vemos é onde están os resultados de ter pasado de 4.859 millóns de euros de débeda a 11.738. Non baixou a débeda, senón que vostedes a están subindo.



Como tamén é realmente dramático...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...—e remato—, señor conselleiro, que nos digan que os datos do mercado laboral están ben porque a taxa de paro é máis baixa, ocultando que a taxa de paro baixa non porque se estea creando emprego de calidade, senón porque marchan deste país miles de mozos e mozas cada ano. *(Aplausos.)* É, desde logo, unha vergoña.

Señorías, como dicíamos ao principio, nós cremos que este é un momento no que se necesitan orzamentos expansivos, e o único que trae o Partido Popular a este Parlamento son recortes. Por iso, non conten co BNG nin para os recortes nin para seguir con vellas receitas fracasadas, porque o que necesitamos son novas ideas para sacar a Galiza desta crise. Lamentablemente, o que vemos é rutina, os mesmos recortes de sempre e un Partido Popular que non aprendeu dos erros da crise do 2009.

Non podemos apoiar este teito de gasto.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra o señor Puy Fraga.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, eu quero comezar a miña intervención felicitando o equipo da Consellería e o conselleiro, porque nada máis que vinte e catro horas despois de coñecer cales ían ser as entregas á conta e celebrado o Consello de Política Fiscal e Financeira o xoves, xa o Consello da Xunta aprobou o teito de gasto, e o venres tiñamos todo o informe e a documentación no Parlamento, incluso con máis antelación que noutras ocasións. Certamente, con iso contribúen á transparencia.

E hai que lembrar sempre que este é un dos poucos parlamentos autonómicos —se non é o único— que debate o teito de gasto, porque nas demais comunidades autónomas simplemente é aprobado por parte do Goberno, sen debate coa oposición. E ademais houbo celeridade na presentación dun teito de gasto que ninguén cuestionou nos aspectos técnicos e tamén hai unha boa eficacia na xestión. En definitiva, o labor da Consellería, o labor do Goberno e este debate contribúen á normalidade democrática, algo que cremos que é importante no momento político que está a vivir España.

Certamente, a crise é inédita. Dise que foi a normalidade a que nos trouxo a este momento. O que nos trouxo a este momento foi un virus completamente anormal, e a proba é que a principal crise foi a sanitaria, como despois se dixo ao longo da intervención.



Estamos nunha crise inédita, exóxena, causada por un virus que ninguén esperaba. Practicamente non hai ningún estudo económico que diga cal é o impacto deste tipo de crise. Hai algúns que teñen que ver con desastres naturais, como o terremoto de Chile, ou incluso, no tema de Irán, como os terremotos previos á revolución dos aiatolás, pero hai moi pouco debate, e o pouco que se sabe é que deste tipo de cousas saímos máis rápido porque, efectivamente, non afectan o fondo do sistema produtivo e que afectan sobre todo os países pequenos —e por isto é un reforzo, precisamente, a pertenza de España á Unión Europea, e en contra, polo tanto, de poñer novas fronteiras, porque son os países pequenos os que máis damnificados saen dos desastres naturais—. Certamente, Europa o que está a facer é aproveitar as leccións do pasado para tomar decisións, que nos están a permitir saír da crise moito mellor do que estabamos antes dela, cun esforzo impresionante no ámbito sanitario. As vacinas teñen moito que ver co esforzo feito pola Unión Europea en investimentos e contratos para a investigación, e, en segundo lugar, con investimentos para a cohesión e o mantemento das rendas. Os ERTE —ese invento que querían derrogar da reforma laboral do Partido Popular e que tan ben resulta nas crises, como estamos a comprobar— foron financiados basicamente cos fondos React europeos, e, certamente, os 140.000 millóns de fondos do mecanismo para a transformación económica e estrutural, a renovación enerxética, a reorientación de vellas políticas que vemos que sufriron especialmente, como pode ser o turismo, sobre todo a dixitalización da economía e a entrada na nova economía do coñecemento, e, por suposto, xunto coa equidade, algo que é importante, moi importante, nestes momentos, tamén á vista das leccións aprendidas do pasado con outras crises naturais, como pode ser o caso de Chile.

Certamente, houbo cambios na gobernanza. O que non hai aquí neste momento é rutina. Hai uns cambios na gobernanza evidentes: hai impulsos fiscais, hai impulsos monetarios, dirixidos á modernización do tecido produtivo, hai un relaxamento das regras fiscais, hai tamén un cambio na gobernanza fiscal —non só da gobernanza fiscal europea, senón tamén da mundial, como o acordo do grupo dos vinte, que despois subscribiron 130 países para unha fiscalidade empresarial única no conxunto dos países desenvolvidos— e, por suposto, hai atención á equidade. Ninguén está cuestionando decisións mesmo apoiadas por nós —obviamente, porque nós sempre defendemos o benestar—, como o ingreso mínimo vital, como o fortalecemento dos servizos sociais e como, por suposto, os servizos sociais dirixidos á atención ás persoas maiores nunha etapa na que Galicia, España e Europa están envellecendo.

E todo isto vén dun consenso social amplo en Europa entre as forzas políticas que chamamos democratacristiás, populares, liberais e socialdemócratas, que, desgraciadamente, parece que non serven para España, porque incluso o máis salientable deste teito de gasto, señor Caballero, é que vai polo libro do que nos propón o Goberno de España, e a vostede parécelle pouco, o cal é sorprendente. Porque vostede sempre defende o Goberno de España fronte ao Goberno da Xunta, menos cando o Goberno da Xunta vai polo libro do que marca o Goberno de España, por exemplo, no límite de endebedamento, que imos a un máximo que se autoriza por parte do Goberno de España como referencia, que é o 0,6 %. (*O señor Caballero Miguez nega coa cabeza.*) Non diga que non porque iso é real, é así. Non diga que non.

Bueno, nós entendemos que neste momento o cadro macroeconómico, o teito de gasto, é realista, é prudente e que está axustado a todas as previsións, ás previsións internacionais



do crecemento da economía española, ás previsións nacionais do Banco de España, da Airef ou ao crecemento da economía española e tamén da galega, e, por suposto, ás previsións feitas por organismos en Galicia, como o Foro de Economía ou o Observatorio de Abanca, que realmente nese contexto establecen un crecemento de Galicia superior ao da media española —e insisto en que se incorporan datos prudentes—.

Son 11.571 millóns, dos cales 10.675 son ingresos ordinarios, entre outras cousas, grazas á recuperación da recadación, que é máis intensa en Galicia —porque a recuperación económica está a ser máis intensa en Galicia que no conxunto de España—, e, certamente, son uns orzamentos expansivos, non só polo gasto que vai ser superior ao do ano pasado, que foi extraordinario como consecuencia dunha crise sanitaria sen precedentes, senón tamén polo ingreso, porque aquí se fala de expansión pensando que expansión é gastar máis. Depende, tamén é expansión non subir impostos e mesmo baixalos, que é o que está a facer media Europa e non, desgraciadamente, o Goberno de España, pero si esta Xunta, que vai manter as rebaixas fiscais, que van permitir ás familias e ás pequenas e medianas empresas ter capital, ter liquidez para, precisamente, investir e saír da crise. De feito, é o aforro persoal o que nos está sacando agora mesmo da crise económica; un aforro vía consumo que pronto terá que traducirse en investimento, e, como dicía hai un momento, cun límite de endebedamento e cunha taxa de referencia do 0,6 %, 415 millóns de euros, que é a que suxire o Goberno de España e que resulta que aquí, se a aplicamos nós, é pouco ambiciosa.

Temos recursos extraordinarios, e iso é importante recordalo: nunha situación extraordinaria, recursos extraordinarios. En primeiro lugar, Mecanismo, Recuperación e Resiliencia, 417 millóns, a segunda anualidade do React Unión Europea, 266 millóns, o cal quere dicir que de Europa directamente veñen case 700 millóns de euros, que, máis as suspensións das regras de gasto, que permiten endebedarse en 415, son 1.100 millóns de euros.

Pero é que, ademais de todo iso, tamén hai recursos extraordinarios, porque este goberno defendeu os intereses de Galicia. Hai 211 millóns do IVE, señora Pontón, que foron gastados no ano 2019, só que con cargo ao endebedamento. A señora Pontón non escoita, e, como non escoita, volverá repetirnos aquí que non gastamos os 211 millóns do IVE que metemos nos orzamentos do 2019, que gastamos con cargo ao endebedamento, (*Aplausos.*) que agora veñen directamente transferidos e que permiten que o teito de gasto sexa superior ao gasto non financeiro executado ao longo do exercicio en vigor, do exercicio vixente.

Señor Caballero, nós defendemos os intereses de Galicia, e quero recordarlle que vostede empezou dicindo no ano 2018 que a reclamación do IVE era unha rabieta infantil, que era unha mostra de cinismo político e que, ademais, a culpa era do PP. No ano 2019, no debate do 2019, o seu grupo abstívose cando reclamamos os 211 millóns de euros —non diga que non, porque está nas actas do Parlamento— e no 2020, como había eleccións, deulle un pouco máis ao bombo e chegou a dicir que Feijóo se apunta ao de que «España nos rouba»; díxoo literalmente, díxoo realmente. Dixo que, vía xudicial, non se daría solución ao problema; que se daría solución ao problema coa reforma do sistema financeiro autonómico. Mire por onde —¡mire por onde!—, sen reformar o sistema de financiamento autonómico, resolvemos o problema as comunidades que reclamamos, que, ademais, benefician as socialistas, que non reclamaron. Fíxese vostede que predición tivo vostede. ¿Hoxe pediu des-



culpas? Non. Aquí estamos e segue dicindo que «España nos rouba», que este é o noso argumento. Ben, pois é a súa decisión. (Aplausos.)

Defendemos os intereses de Galicia nos tribunais, e todo iso, todos eses ingresos extraordinarios, aos que hai que sumar o IVE —que reclamamos nos tribunais—, son os que permiten cumprir os obxectivos de manter a loita contra a pandemia, o gasto sanitario, a protección das familias e das pequenas e medianas empresas e traballar pola reactivación económica e pola transformación dunha economía que está facendo o maior esforzo investidor de todas as comunidades autónomas: peso de gasto en capital, 13,5 no ano 2020 e 7,2, a media de España. Tamén permiten manter os gastos de benestar. Dende que estamos gobernando o gasto en acción social e promoción social subiu un 66 % dende o último presuposto que fixo a esquerda; o gasto en sanidade, un 2 %; o gasto en educación, un 9 %; o gasto en investigación e desenvolvemento, un 55 %; e o gasto en sociedade da información, un 351 %.

E vostedes seguen falando de recortes, ¡pois que lle imos facer! Igual que din que nos endebedamos moito, cando, efectivamente, non nos comparamos cos mellores nin cos peores, senón que nos comparamos coa media. Cando vostedes gobernaban no 2008, Galicia tiña 2 décimas máis de endebedamento que a media das comunidades autónomas. Na actualidade Galicia ten un 19,9 % do PIB en débeda e a media das comunidades autónomas é do 27 %, porque se fixo un endebedamento razoable.

Señorías, hoxe hai cifras de paro que demostran que a economía galega está indo razoablemente ben, dadas as circunstancias. Fluxo do triunfalismo, pero simplemente, dadas as circunstancias, a economía está creando emprego. No último ano diminuíu un 13 %, e a media de España, un 9,45 %. As afiliacións á Seguridade Social subiron un 3 %, e ademais estamos por riba das afiliacións á Seguridade Social que tiñamos antes da pandemia. Certamente, a economía está a dar sorpresas moi boas: a automoción, a industria agroalimentaria, só un 2 % do total dos afiliados segue en ERTE... E, certamente, isto é pola fortaleza das institucións. Como dicía hai pouco, precisamente, o director do Foro Económico de Galicia, nun artigo na prensa, a fortaleza da capacidade do proceso de vacinación... Vostedes din que o proceso de vacinación... Non se vacina máis porque non hai máis vacinas. Vostedes estaban dicindo antes de iniciarse o proceso de vacinación que non había capacidade organizativa nin capacidade de poñer as vacinas que dicíamos que se podían poñer ao día. E, ao final, non digo que sexa culpa do Goberno de España, hai as que hai, pero o certo é que a capacidade da Xunta e dos servizos públicos quedou demostrada, non só no sanitario...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...senón tamén no conxunto dos servizos públicos.

Traemos un teito de gasto superior ao gasto non financeiro do ano pasado, e a oposición críticao eu creo que de forma moi contradictoria. O señor Caballero di que temos que facer o que manda o Goberno de España e a señora Pontón di que temos que ir pola bilateralidade.

O BNG segue co seu Día de Santiago, Día de Galicia, Día da nación galega, e todo sen límites. A min isto paréceme un argumento político propio de Peter Pan, dunha síndrome de Peter



Pan. Na vida hai límites, hai límites no tempo —que xa me está recordando o presidente da Cámara—, pero hai límites á presión fiscal e hai límites tamén ao crecemento, tanto medioambientais como fácticos, como, por exemplo, a demografía. Por suposto —e isto é unha presunción científica—, din que van facer caso aos científicos. Bueno, pois fáganlles caso aos científicos da ciencia económica. Porque resulta que hai límites económicos, que hai límites económicos que derivan da pertenza a unha moeda única...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...nun contorno federal, porque xa se pode falar de contorno federal unha vez que a Unión Europea se endebeda, e, certamente, as decisións de endebedamento duns inflúen nos outros e ten que haber un sistema de gobernanza e unha lóxica de axuda e de redistribución a través dos fondos de recuperación que implica que algún día teremos que volver, efectivamente, á estabilidade financeira.

E o PSOE hoxe non dixo nada...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy. Terminou o seu tempo.

O señor PUY FRAGA: ... —un segundo—...

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o tempo. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Puy, terminou o seu tempo. Grazas, señor Puy. (*O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.*) Terminou o tempo. ¡Xa terminou o seu tempo, por favor, señor Puy! Xa terminou o tempo, igual que o señor Caballero.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate e estando presentes todos os deputados, procedemos á votación do límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.

Votamos.

Votación do límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022, ao que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 42; votos en contra, 31.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este límite máximo de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2022.



O señor PRESIDENTE: Remata aquí este punto.

Continuamos co segundo punto da orde do día, que é de comparecencias.

Comparecencia do Sr. conselleiro de Sanidade para informar sobre as medidas para frear a quinta onda da covid-19, o colapso da Atención Primaria e dos Servizos de Urgencias e o funcionamento do sistema de rastrexo de persoas positivas

O señor PRESIDENTE: Para formular esta intervención, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Julio García Comesaña.

Cando queira, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Bo día, presidente.

Señorías, comparezo hoxe atendendo a petición do Parlamento, xa que dende o primeiro momento a nosa disposición sempre foi total á hora de trasladarlle esa información no relativo especialmente á evolución da pandemia.

Ninguén agardaba estar nesta situación nestes meses de verán, sobre todo cando xa contabamos cunha elevada taxa de vacinación, da orde do 71 %.

Esta onda —eu négome a chamarlle «quinta onda» porque en Galicia a cuarta non a pasamos; polo tanto, vou falar sempre de onda, non de quinta— difire das anteriores, a pesar do elevado número de casos que temos, pola presión hospitalaria significativamente menor, polo que as medidas adoptadas tiveron que adaptarse a esta particularidade.

Permítanme, en primeiro lugar, que comece a intervención lembrando, por suposto, a todas as persoas falecidas en Galicia por mor da pandemia, incluídas as dez que faleceron ao longo desta fin de semana e que incorporamos onte no noso informe. Por suposto, todas as condolencias para as súas familias e os seus seres queridos. *(Aplausos.)*

Mais hoxe tamén quero ter unha lembranza especial para un empregado desta consellería, o doutor Manuel Varela Porto, que faleceu tristemente onte, cando se dirixía ao seu posto de traballo na Unidade Móbil de Doazón instalada en Tomiño e, por suposto, as maiores condolencias para el e a súa familia, e o noso recoñecemento. Un dos seus fillos traballa con nós no Hospital de Ourense. Repito, as nosas condolencias para el, a súa familia, os achedados e para os compañeiros da Axencia de Doazón en Galicia. *(Aplausos.)*

Nestas últimas semanas, toda España —e tamén Galicia— está ou estivo a vivir un momento de incidencia acumulada, especialmente concentrada nos grupos de idade máis novos, que aínda non foron vacinados. Segundo os últimos datos, Galicia ten hoxe mesmo unha incidencia acumulada a 14 días de 664,85 —neste caso, casos por 100.000 habitantes—, pero que se concentra especialmente nas franxas de idade de 12 a 29 anos, grupo no que a incidencia acadou cifras que ata agora non tiñamos visto. Segundo os datos do Ministerio, onte tiñamos 1.932 a catorce días no grupo de 12 a 19 e 2.272 no grupo de 20 a 29. É dicir, si que



hai que destacar que a incidencia acumulada a sete días está xa nos 292,06, xa por debaixo da incidencia acumulada a catorce días.

Polo tanto, ante esta suba de casos, especialmente concentrada neste tramo de idade, que se caracteriza por ter un maior número de interaccións sociais, xunto cunha elevada porcentaxe de poboación vacinada neste caso —cuestión que permitiu reducir de xeito salientable, como dicíamos antes, o número de hospitalizados, e tamén, afortunadamente, de falecementos—, a Xunta de Galicia tomou, co apoio do Comité Clínico, medidas adaptadas a esta nova situación. En primeiro lugar, comezamos a calcular as incidencias que determinan os niveis dos concellos, utilizando o que denominamos «taxa axustada», segundo a hospitalización que xera, neste caso, o virus, por suposto xa moito menor que noutras ondas, como explicabamos. Deste xeito, as medidas de prevención e control establecéronse de acordo co novo escenario no que nos atopabamos, con prevalencia dos casos de poboación máis nova, e no que unha porcentaxe maioritaria non ten consecuencias clínicas importantes. Con esta dotación pretendemos tamén evitar os peches totais de actividades económicas, como si se fixera noutros momentos da pandemia, xa que agora existen amplos sectores da poboación que poden participar nelas dun xeito seguro, ao estar vacinados.

É importante tamén a limitación e as restricións dos grupos de persoas sen inmunizar nos interiores da hostalaría dos concellos en niveis superiores, e especialmente nos interiores dos domicilios polas noites. Neste sentido, tamén restrinximos as reunións multitudinarias en espazos públicos polas noites, introducindo a prohibición de reunión de non conviventes a partir da hora de peche do ocio nocturno, segundo o nivel do concello. E tamén solicitamos e establecemos o peche e a restrición de uso daqueles espazos nos concellos, nas vilas, coñecidos por todo o mundo, onde se estaban producindo aglomeracións nos denominados «botellóns». Aquí quero destacar, especialmente —e agradecer— o traballo que fixeron as forzas e corpos de seguridade do Estado nesas últimas semanas para diminuír esas reunións descontroladas de xoves, fundamentalmente para beber. E, repito, quero agradecerlles ese esforzo porque ocorreron nos primeiros meses, nas primeiras semanas do mes de xullo, pero despois reconducíronse.

Queríamos adecuar as normas á realidade actual, que dista moito da que vivimos xa hai case ano e medio, onde a vulnerabilidade da poboación era moito maior. Esta realidade actual permítenos contar cun recurso que non tiñamos cando tivemos que afrontar a primeira, e sobre todo a terceira onda: as vacinas. Galicia conta xa, como dicíamos, con máis do 70 % —o 71,2 % para ser exactos— da súa poboación diana inmunizada. E isto tiñamos que aproveitalo para compatibilizar as restricións co mantemento da actividade económica. Esa foi a base sobre a que o Comité Clínico propuxo exixir no interior dos locais de hostalaría nos concellos de nivel alto ou máximo o certificado de vacinación para acceder ao interior dos locais de hostalaría, e, nos casos nos que por idade non se dispoña dese certificado, poder presentar un certificado de recuperación ou un certificado de proba diagnóstica negativa. Deste xeito, podíamos e podemos garantir o funcionamento da hostalaría, aínda cando a situación epidemiolóxica é mellorable.

Por poñer un exemplo, cando en xaneiro pechabamos toda a actividade non esencial e pechabamos perimetralmente os concellos, Galicia tiña unha incidencia acumulada, a catorce



días, de 700. Agora hai concellos con incidencias de preto de 2.000 que poden manter a práctica totalidade da súa actividade. Neste caso, o que facemos é o que xa funciona noutros países, por exemplo, en Francia, Alemaña, Bélxica ou mesmo Portugal. Galicia, ao igual que viñemos facendo dende o inicio da pandemia, tomou medidas axustadas e puxéronse en marcha accións que foron tomadas como exemplo a posteriori por outras rexións, xa que nós o único que agardabamos era non ter que revivir momentos como os de xaneiro, poder asegurarlles aos cidadáns o acceso ao interior dos locais de xeito seguro e que o sector da hostalaría, tan amplo na nosa comunidade e que vive nestes meses do verán os momentos de maior actividade, poida manter os locais abertos.

As medidas tomadas pola Xunta foron referendadas polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, grazas ao intenso traballo técnico realizado polo persoal de saúde pública, a secretaría xeral técnica e a asesoría xurídica. Pero podemos celebrar, por fin, que Galicia tamén poida ter, finalmente, en vixencia unha lei con instrumentos xurídicos claros para xestionar a situación pandémica. Hai que lembrar que ata agora en Galicia as nosas medidas se ditaban en función dunha lei orgánica de 1986, que di tan só que: *«La autoridad sanitaria, además de realizar las acciones preventivas generales, podrá adoptar las medidas oportunas para el control de los enfermos, de las personas que estén o hayan estado en contacto con los mismos y del medio ambiente inmediato, así como las que se consideren necesarias en caso de riesgo de carácter transmisible»*.

En consecuencia, o noso Tribunal Superior de Xustiza de Galicia víase obrigado a interpretar se as nosas medidas eran oportunas ou necesarias sen máis criterio que esta lei tan escasa e insuficiente. Por iso reclamamos unha vez e outra ao Goberno de España que reformase esa lei orgánica — cousa que se comprometeu a facer, pero que logo non fixo —, unha proposta de modificación desa lei orgánica, que non aceptou e, por iso, unha vez pechadas todas esas portas, o Parlamento de Galicia tomou a iniciativa de legislar a nivel autonómico o desenvolvemento desa lei orgánica para concretar as medidas que se poden tomar e como.

Sorprendentemente, o Goberno recorreu esta lei con moita urxencia — unha urxencia que non entendeu nin o Consello de Estado — e ademais solicitou a suspensión deses preceptos. A semana pasada, o Tribunal Constitucional constatou que non había motivo para que eses preceptos estivesen suspendidos porque non habilitan ningunha medida que non fose posible xa tomar a través da lei xeral, simplemente concreta esas medidas para dar seguridade xurídica aos actos administrativos, aos tribunais que deben interpretalos e á cidadanía.

O tribunal constatou, pois, ademais, que existe unha normativa autonómica noutras comunidades non recorrida polo Estado con contidos similares, cando non idénticos, o que apoia o argumento da Asesoría Xurídica da Xunta sobre que non se debe producir lesión ningunha dos dereitos e liberdades cando o Goberno central non actúa ante leis similares noutros territorios.

Despois disto, finalmente, chegamos ao acordo co Goberno sobre o único punto que quedaba en disputa, que era o da vacinación; un acordo ao que poderíamos ter chegado perfectamente dende o inicio sen necesidade de toda esta peripecia.

Sempre foi explícita a vontade da Xunta de non someter a vacinación obrigatoria ao común da poboación, senón de contar cun mecanismo para que, se a vacina fose declarada obliga-



toria, puideramos ter instrumentos xurídicos cos que exixir esa vacinación, que en ningún caso declararíaa Xunta de Galicia, senón as autoridades estatais. Iso díxose por activa e por pasiva dende o comezo, e se o Goberno central quere que conste aínda máis expresamente na lei, non haberá problema, como non o houbo en ningún momento. En consecuencia, xa temos unha lei vixente para xestionar a pandemia, pese a todos os esforzos por evitalo, e imos utilizala en todas as súas posibilidades como resulte preciso.

Seguiremos, polo tanto, aplicando as medidas precisas para salvagardar a saúde dos galegos e tamén continuaremos co esforzo do diagnóstico que a nosa comunidade leva feito ao longo da pandemia. Por iso, un dos nosos obxectivos ante a elevada incidencia do virus foi manter e incrementar a capacidade diagnóstica, achegando, máis aínda, a poboación ás probas diagnósticas. A detección e o illamento dos casos é a clave á hora de frear a exposición ao virus.

Por iso, mantemos a diagnose nos centros sanitarios, ademais dos covid-auto, que tan útiles foron anteriormente. Aquí quero destacar que Galicia está agora mesmo nunha media de 3.000 probas diagnósticas por 100.000 habitantes á semana —sen contar, como dicimos sempre, as probas de saliva, que para o Ministerio de Sanidade non computan—, e está bastante por riba da media nacional en probas diagnósticas. Hai que engadir a estas probas diagnósticas as PCR de saliva que se ofrecen nas farmacias. Todo galego pode acercarse á súa oficina de farmacia e pedir un test de saliva, entregalo ao día seguinte pola mañá e en 24-48 horas ten un resultado dunha PCR por saliva feita nun servizo de microbioloxía neste caso dun hospital galego.

Ademais, tamén coa entrada en vigor do decreto que regula a venda dos tests de antíxenos, dos autotests das farmacias, o pasado 22 de xullo asinamos un convenio de novo cos colexios farmacéuticos —aproveitando a capacidade que no territorio teñen as oficinas de farmacia— para facilitar que estas oficinas de farmacia acrediten os resultados dos autotests —neste caso autotests de antíxenos— co fin, por unha banda, de detectar e illar os casos positivos que se poidan producir e tamén de facilitarlles o acceso ás persoas que fagan o test nestas oficinas aos sectores habilitados con certificado —fundamentalmente á hostalaría e ao ocio nocturno—. Hai outra medida tamén relacionada cos autotests, que foi, dende a primeira fin de semana que estiveron dispoñibles, habilitar na Central de Seguimento de Contactos unha liña específica para que calquera persoa que tivera un test positivo na súa casa —non nunha farmacia, senón na súa casa— tivera xeito doado de comunicalo á central, e a central, polo tanto, de pedirlle unha proba PCR, para confirmar este resultado. Teño que destacar que calquera test de antíxenos ten que ir a continuación corroborado cunha proba PCR.

Dicía que a iniciativa de facer os tests nas oficinas de farmacia diante dos farmacéuticos e subir os datos ao noso sistema permitiu no primeiro día de funcionamento que 525 persoas fixeran un test na farmacia e detectar 14 resultados positivos. Son datos que se seguen a incrementar. Estes datos corresponden ao pasado xoves e incrementáronse todos estes días.

Por outra banda, o pasado sábado, 24 de xullo, habilitamos, a xeito de proba piloto, puntos para a realización de tests de antíxenos nas sete grandes cidades e tamén no Hospital da Barbanza, en Ribeira. Tratábase de realizar tests á demanda e, neste caso, sen cita da po-



boación non vacinada. Obtivemos un resultado de participación francamente sorprendente. Nun só día realizáronse 3.540 tests e detectáronse 68 positivos.

En vista do éxito desta iniciativa, consolidamos este modelo e ampliámolo para ofertar aínda máis servizos, atendendo ás solicitudes que nesa proba piloto puidemos detectar. Así, dende a semana pasada, contamos con 14 puntos nos diferentes distritos sanitarios, que van permitir, por unha banda, realizar tests de antíxenos e obter o correspondente certificado e, por outra, realizar xestións administrativas relacionadas coa covid-19, como a impresión do certificado de proba diagnóstica negativa, de vacinación ou de pasar a enfermidade, a activación da chave 365 ou a tramitación da alta rápida no caso de que o cidadán non pertenza á Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén aquí quero destacar novamente o papel das oficinas de farmacia, que dende hai semanas están a proporcionar a copia do certificado en papel a aquelas persoas que acoden ás farmacias e así o solicitan —tamén cunha gran demanda—.

Os servizos administrativos, como comentaba anteriormente, estarán dispoñibles de luns a sábado en todas as cidades, mentres que o servizo de realización dos tests de antíxenos vai ter certa variabilidade. Nas cidades grandes vai estar seis días á semana; nas cidades medias, tres días á semana; e nas cidades con hospital comarcal, os sábados. En total, van estar habilitados vinte e un puntos administrativos.

A detección precoz dos casos e o seu illamento, como dicíamos, é clave para limitar e bloquear o avance das infeccións, por iso en Galicia continuamos coa realización dos cribados poboacionais. E así, nestas semanas, intensificamos estas convocatorias, ás que chamamos a participar a 33.000 persoas de media, cunha participación do 54 % e unha taxa de positividade do 3,8 %. As cifras de participación claramente deben mellorar, e debemos seguir reclamando dende todas as plataformas a necesidade e a importancia de acudir a estas citas para poder detectar casos asintomáticos, illalos e evitar que continúe a propagación do virus e a afección das persoas máis vulnerables.

No momento do positivo é fundamental tamén o illamento dos contactos estreitos en cada caso. Sabemos que se produciron disfuncións ao comezo desta onda á hora de facer a enquisa epidemiolóxica aos casos positivos detectados, por iso —e grazas á flexibilidade do sistema que temos implantado en Galicia— ampliamos o persoal da Central de Seguimento de Contactos incorporando 250 novos efectivos nas últimas semanas.

Na actualidade, a central realiza o primeiro contacto co positivo —tal e como está establecido en Galicia— nas primeiras vinte e catro horas, unha vez que se constata este diagnóstico. De feito, esta fin de semana, do 31 de xullo ao 1 de agosto, contactaron con 2.177 casos —é dicir, o 93,06 %—. Repito que nesta porcentaxe contactouse con eles nas primeiras vinte e catro horas. No 6,94 % restante, despois dos catro intentos de chamada, volveuse intentar o contacto ao día seguinte. Nos casos nos que este contacto non pode ser realizado a través desta chamada telefónica transfírense ás xefaturas territoriais para que poidan localizarse dalgún outro xeito, ben sexa a través de atención primaria ou a través do hospital, xa que o problema pode vir derivado da existencia dun número de teléfono erróneo. Esta fin de semana contactouse tamén con 495 casos pendentes dos días anteriores, derivados desas circunstancias que comentaba. E o tempo medio que dedica cada traballador a estas chamadas



é de dezaoito minutos. En total, a Central de Seguimento de Contactos realizou ao longo desta fin de semana 41.650 chamadas.

Dende a primeira semana de xullo ata finais deste mes, a central contactou cun total de 27.245 positivos, con 97.064 contactos, e realizáronse un total de 389.748 chamadas —sendo o máximo diario o 22 de xullo, cun total de preto de 30.000 chamadas—. Ademais, neste mes de xullo, solicitáronse aproximadamente un total de 95.000 PCR —repito— dende a Central de Seguimento de Contactos. Son cifras que nos dan a dimensión do traballo realizado e no que, por suposto, recoñecemos que pode haber disfuncións, pero por iso puxemos todos os medios para poder solventalas. Para isto, a central conta agora mesmo con traballadores dispoñibles para atender o gran volume de chamadas entrantes, precisamente as desas persoas que puideron ter unha incidencia como consecuencia destes problemas iniciais, froito do crecemento tan explosivo de casos. Esta onda caracterizouse por medrar moito máis rápido en casos, porque tamén cada positivo xeraba moitos máis contactos que os que tiñamos nas ondas anteriores.

Quero agradecer tamén o traballo que realizan os militares adscritos á «Operación Baluarte» en Galicia —xa que son eles os encargados de facer o seguimento dos contactos estreitos dos contaxiados—, que incrementaron tamén, por suposto, os seus efectivos e que traballan en absoluta coordinación cos técnicos da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade.

Respecto da situación asistencial en Galicia, quero destacar, en primeiro lugar, os case 1,3 millóns de consultas feitas en atención primaria —neste caso polos médicos de atención primaria— ou os 1,5 millóns de consultas feitas polos profesionais de enfermería de atención primaria. Falo de datos do mes de xullo: 1,3 millóns en médicos e 1,5 en enfermería. Unha parte destas consultas están feitas, por suposto, para o seguimento dos 18.468 pacientes covid positivos que están a pasar a enfermidade no seu domicilio, que, como vostedes ben saben, teñen a médicos e enfermeiros de atención primaria asignados para facer a chamada de seguimento. Por repasar o circuíto, repetimos que cos positivos contáctase a través da Central de Seguimento de Contactos —que determina cales son os seus contactos e lles pide a PCR— e logo son seguidos pola atención primaria. Repito que estes 18.468 cidadáns son seguidos por máis de 1.800 médicos de atención primaria —e por algunhas enfermeiras menos— para a evolución do seguimento da enfermidade no seu domicilio.

No que respecta ao ámbito hospitalario, temos no día de hoxe 261 persoas ingresadas en planta —recordemos que o pico do mes de xaneiro foi de 1.210 casos— e 42 persoas ingresadas nas unidades de críticos —o máximo no pico nese momento fora de 254—. Isto non supón polo momento un problema asistencial grave para o sistema sanitario. Galicia atópase entre as tres comunidades autónomas cunha menor porcentaxe de ocupación covid, tanto de camas de agudos como de camas de críticos. De feito, tal e como informamos a semana pasada, os hospitais galegos están sendo capaces de desenvolver o plan de recuperación da actividade e de reducir os tempos medios de espera respecto do ano pasado.

Pero que non supoña un problema para o sistema non significa que non poida ser un problema para os pacientes. E permítanme que insista en que agora mesmo temos nas unidades



de críticos pacientes moi novos, con idades de 29, 30, 37 ou 40 anos. Nesas unidades temos, ademais, unha ampla maioría de pacientes non vacinados. Polo tanto, tanto os datos epidemiolóxicos como os datos asistenciais obríganos a tomar decisións con cautela, a ser prudentes e a actuar con sentidoño, tal como vén facendo Galicia dende o comezo da pandemia. Por iso debemos facer un chamamento á prudencia a toda a poboación nova —que está a ver como se está achegando o momento da súa vacina— para que extreme as precaucións e evite infectarse antes de poder recibir esa dose.

A pesar de que, como dicíamos, a situación é a que estamos a vivir, puxemos en funcionamento o plan de recuperación da actividade asistencial, do que xa concretamos parte do seu impacto —polo menos neste primeiro semestre—. Agora mesmo podemos observar unha diminución de preto de corenta días para probas diagnósticas, de máis de trinta para intervencións cirúrxicas e de vinte e tres para primeiras consultas. O tempo medio para ser operado reduciuse en 30,6 días, que pasou de 100,8 días en xuño do 2020 a 70,2 días en xuño deste ano. Esta espera media está por debaixo da de 2008, e o obxectivo é acadar as cifras do 2019, que foi o ano récord en diminución desta demora cirúrxica.

No que atinxe ás primeiras consultas, o tempo medio de espera estrutural de primeiras consultas da enfermidade descendeu en 23,7 días en xuño deste ano respecto do mesmo período do ano anterior, que era de 66,3, e queda en 42,6 neste mes.

En primeiras probas diagnósticas, que tamén é importante, descéndese en preto de corenta días —39,8— ao pasar de 112,3 días en xuño pasado a 72,5 neste mes.

Reducimos tamén o tempo en todas as prioridades: case dous días en prioridade 1 —que é a cifra máis baixa do rexistro histórico—, vinte días en prioridade 2 e trinta e cinco días menos en prioridade 3.

No que se refire ás sete vías rápidas, o tempo medio de espera é de 4,4 días —1,5 menos respecto do mesmo período do ano anterior, no que se agardaban 5,9 días— e sitúase por debaixo dos 4,6 días acadados en xuño do 2017, a menor espera do rexistro histórico neste tipo de procedementos. As vías rápidas permiten cumprir o compromiso de atender os pacientes con sospeita de patoloxía grave nun tempo inferior a quince días dende a derivación do médico de atención primaria ao especialista. Actualmente este procedemento está implantado en todos os hospitais do Sergas para cancro de mama, colon, pulmón, próstata, vexiga, otorrinolaringoloxía e melanoma. Polo tanto, vemos como, a pesar da pandemia, non só mantemos a actividade, senón que somos quen de rebaixar as esperas dos pacientes nestas cuestións fundamentais, como son as primeiras consultas e as probas diagnósticas, determinantes, por suposto, para atallar unha enfermidade coa gravidade coma a do cancro. E os datos constatan que seguimos mellorando co noso compromiso de reducir os tempos en todas as prioridades, destacando as de prioridade 1 e as vías rápidas, garantindo así unha atención máis rápida naqueles casos de patoloxías máis graves.

A esta actividade asistencial ordinaria sumamos tamén importantes fitos para o noso sistema sanitario, como son o HIFU —do que xa temos falado neste Parlamento e que xa leva tratados no Hospital de Santiago 11 cidadáns galegos— e os sete robots cirúrxicos Da Vinci, que co-



mezaron a funcionar en todas as áreas sanitarias a mediados de xullo —concretamente o día 22 de xullo—, nos que a Xunta investiu 20,5 millóns de euros e cos que xa se operaron 33 galegos nestas primeiras semanas. Nun primeiro momento estase a empregar en pacientes de uroloxía, e irase ampliando a súa implantación a outras áreas —fundamentalmente a xinecoloxía, e tamén a otorrino ou a cirurxía xeral—. Polo que non só melloramos —diciá— as esperas a nivel asistencial, senón que, coa incorporación destas novas tecnoloxías e máis recursos, ofrecemos unha mellor calidade asistencial aos nosos pacientes e mellores medios para os nosos profesionais, dende a atención primaria á atención hospitalaria.

En canto á evolución da vacinación, en Galicia está sendo todo o boa que a dispoñibilidade de vacinas nos permite. O informe de onte do Ministerio fala dun 99,3 % das vacinas recibidas administradas. Administramos, polo tanto, todas as vacinas que recibimos, pero, por desgracia, aínda non son suficientes para contar coa dispoñibilidade epidemiolóxica que precisamos, especialmente na poboación máis nova.

Co avance deste proceso, e grazas aos medios empregados en Galicia, temos xa máis de 1.926.000 galegos e galegas na nosa comunidade cunha primeira dose, un 78,5 % da poboación, e máis dun 71 % —un 71,2 %— da poboación diana completamente inmunizada.

Somos, ademais, a segunda comunidade autónoma coa maior porcentaxe de poboación por riba dos 40 anos coas dúas doses administradas; un 93,9 % dos galegos de máis de 40 anos teñen a pauta completa.

Agora queremos seguir avanzando nos grupos nos que o virus ten máis incidencia, por iso iniciamos xa o xoves, 22 de xullo, a vacinación do grupo de idade de 29 a 20 anos, no que xa temos avanzado considerablemente. Pero aínda non é suficiente para poder abordar na súa totalidade o grupo con maior incidencia do virus, que agora mesmo se atopa entre os adolescentes, xa que son tamén os que maior número de interaccións realiza.

Por iso puxemos en marcha a autocita, paulatinamente coas doses non administradas na vacinación masiva dos grupos de máis idade. Así, inicialmente dispuxemos de 5.900 doses, 11.000 na segunda apertura de autocita para menores de 19 anos, e a previsión é que nesta semana, do 2 ao 8 de agosto, convoquemos a 135.000 persoas, das cales 93.104 serán primeiras doses para o grupo de idade de 20 a 29 —excepto eses 11.000 que proveñen da autocita para 16 a 19—, e 5.900 para a autocita de maiores de 40. Aquelas persoas que están fóra da campaña activa e que non puideron por algún motivo vacinarse tamén poden apuntarse nesta autocita e facer o que chamamos «a repesca» correspondente.

Polo momento, non temos constancia aínda das vacinas anunciadas a pasada fin de semana. Por suposto, en canto teñamos os datos concretos, incorporarémolas para, neste caso desde a Dirección Xeral de Saúde Pública, acomodar a chegada desas vacinas á poboación diana que imos vacinar.

Respecto da situación en atención primaria, é importante abordar a saturación da atención primaria nestes momentos. É evidente que vivimos un momento complexo no relativo á atención primaria, que dende a Consellería sempre admitimos, e por iso, para mellorar a si-



tuación que vive esta a nivel asistencial, traballamos dende o ano 2019 no Plan galego de atención primaria que todos coñecen.

Esta onda pandémica que estamos a vivir agora coincide co período máis complexo en canto á xestión dos recursos humanos, que son os meses de verán, xa que as vacacións do persoal sanitario —por outra parte máis que merecidas—, unidas á falta de efectivos dos que poder dispoñer para poder levar a cabo as substitucións, fan que os médicos de familia vexan incrementado o seu traballo. Gustaríame puntualizar que eles, xunto co persoal de enfermería, realizan o seguimento dos pacientes do seu cupo que foran positivos e que, neste caso, é o persoal militar quen leva a cabo o seguimento dos contactos estreitos.

No marco do plan do que xa temos falado, creamos o Consello Técnico de Atención Primaria, do que forman parte profesionais deste ámbito, e baixo el convócanse comisións de traballo que teñen como obxectivo definir cara a onde queremos avanzar para solucionar os problemas estruturais.

Como saben —e xa adiantou a Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria neste Parlamento, que acudiu a petición propia—, as comisións remataron os seus traballos no mes de xuño, e na implementación das súas conclusións estamos poñendo todos os nosos esforzos.

A situación da primaria non é algo que nos descubra a oposición, xa que, como saben, aínda que non o queiran admitir, é algo sobre o que temos moito traballado, pero sobre o que, por suposto, queda moito que facer. Incrementamos o persoal todo o que puidemos, facendo o maior esforzo nas OPE, precisamente no ámbito da atención primaria. Ademais, o plan contempla a contratación de profesionais dende o 2019, 125 novas prazas, que podían ser máis, pero 19 quedaron sen cubrir.

Ao longo do ano 2021, contamos con 161 prazas de nova creación, das que 39 son de médicos de familia, 10 de pediatría, 2 de farmacia, 67 de enfermería —neste caso familiar e comunitaria—, 21 de fisioterapia, 13 de matronas e 9 de traballo social.

Nós non imos facer demagogia coa falta de persoal nos centros. A realidade é a que é: non hai médicos na lista de contratación, nin tampouco enfermeiras. E con esa situación é coa que temos que afrontar o futuro, aínda que seguiremos demandando, como vostedes saben, a convocatoria dun MIR dotado con máis prazas ou que se leve a cabo unha convocatoria extraordinaria para poder formar máis profesionais.

Mentres isto non se produce, queremos que a implantación dos plans de saúde local, a resolución das competencias, o traballo multidisciplinar, a desburocratización e a integración de novas categorías permitirán, sen dúbida, mellorar a situación que vive a primaria e os seus profesionais.

Hoxe quero, por suposto, dar as grazas e recoñecer ese enorme esforzo, xa que, como dicía ao comezo, nos meses do verán, moitos asumen as cotas dos seus compañeiros para poder desfrutar desas vacacións merecidas, pero que neste ano sumaron tamén o seguimento dos casos positivos de coronavirus.



A pesar da situación, ao redor do 80 % dos cupos de atención primaria en Galicia están ofrecendo cita para consulta en menos de catro días, e a presencialidade aumentou en 12 puntos dende o mes de maio ata agora.

Sabemos que a situación é difícil, e por iso mañá mesmo nos reunimos novamente co Consello Técnico de Atención Primaria, co obxectivo, neste caso, de avanzar en algo que xa temos anunciado, que é en poder dotar o persoal de enfermería e tamén os farmacéuticos de primaria de máis capacidades para permitir liberar os facultativos dalgunha destas funcións.

Tamén dicía antes que nestas semanas introducimos a posibilidade de que as persoas que deran positivo nun autotest de antíxenos na súa casa puideran chamar directamente á Central de Seguimento de Contactos e esta lles pedira unha proba PCR de confirmación, sen necesidade de acudir novamente ao centro de saúde. Ou tamén no caso dos tests de farmacia feitos diante do farmacéutico, nos que esa comunicación do caso positivo se traslada directamente aos sistemas de información da Consellería de Sanidade. Dese xeito xérase automaticamente o aviso para pedir a proba PCR de novo, sen necesidade de que estes positivos detectados mediante os autotests nas farmacias teñan que ir ao centro de saúde. E, por suposto, tamén está a medida xa comentada de dispoñer destes puntos de antíxenos nestas catorce ubicacións, que tamén facilitan a detección dos casos. Nestes casos, cando o antíxeno no punto móbil dá positivo, xa se lle toma a PCR, o cidadán é derivado á súa casa, non hai que pedirlle unha segunda PCR, e esta información de novo trasládase automaticamente ao sistema de información, de xeito que o médico de familia só ten que facer esa chamada de seguimento, no caso de ser positivo, e afortunadamente non ten que estar hospitalizado.

Con respecto á situación dos hospitais, este ano, ao igual que historicamente todos os anos, levouse a cabo unha redución das camas funcionantes, que non pechadas, segundo as estimacións realizadas sobre os mesmos períodos dos anos anteriores, nos que, ao igual que este, nunca se chegou a empregar a totalidade das camas operativas.

Neste sentido, gustaríame reiterar que esta non é unha nova medida exclusiva de Galicia, por suposto, nin deste goberno, xa que se vén facendo ao longo de todos os períodos estivais en toda España. En todo caso, de ser necesario, as camas poden ampliarse, aínda que ata o de agora, como dicía, a porcentaxe de ocupación foi sempre inferior ás camas dispoñibles, o que reflicte unha boa planificación e un bo estudo da realidade de cada área sanitaria.

Polo tanto, tivemos momentos complicados, estamos moi lonxe desa saturación —e sobre todo do colapso do que vostedes falan—, contamos con máis recursos, con menos esperas cirúrxicas en consultas e en probas, melloramos a presencialidade en atención primaria e traballamos de cara a atopar solucións no nivel sanitario, chamado a ser o eixo de todo o noso sistema sanitario.

Respecto do estritamente vencellado coa pandemia, seguimos adoptando medidas precisas e axustadas á realidade galega, tomando iniciativa en cuestións como o funcionamento do certificado de vacinación e a posta á disposición dos galegos de probas diagnósticas con sistemas innovadores, cos que Galicia volve ser pioneira.



Continuamos avanzando na vacinación —na medida das nosas posibilidades— nos grupos nos que o virus está tendo máis incidencia. Parece que todo isto comeza a darnos os primeiros resultados, e podemos xa empezar a comprobar como a incidencia acumulada a sete comeza a descender, como lles comentaba ao inicio da miña intervención, a pesar de que Galicia, como viña ocorrendo, comezou a notar os efectos desa denominada «quinta onda» no resto de España, con atraso respecto ao resto do Estado, o que nos anima a continuar traballando; iso si, con cautela nesta nova onda.

E remato amosando esa diminución na curva de incidencia acumulada, neste caso, a catorce días. *(O señor conselleiro de Sanidade, García Comesaña, amosa unha gráfica.)*

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señor conselleiro.

O voceiro do Partido Popular dixo o pasado venres, na Deputación Permanente pedida polo BNG para solicitar a súa comparecencia aquí neste Pleno, que votaban a favor para ver se, tras a súa intervención, eramos quen de recoñecer que o funcionamento do sistema público de saúde estaba sendo exemplar. E eu teño que dicirlle —que non está o voceiro, pero dígollo a vostede— que non nos convenceu. Lamentablemente, vostede hoxe volveu facer unha repetición de intervencións anteriores, sen facer unha análise certa de cal é a realidade. E eu tamén teño que dicirlle con toda franqueza que na súa intervención sobrou a autoconciencia, a autoexculpación e que faltaron solucións. Así de claro llo teño que dicir.

Vostede dixo que, efectivamente, a situación na que estamos hoxe non é a de hai un ano, e eu vou concordar con vostede. Precisamente non é a situación de hai un ano, onde o descoñecemento de moitas cousas era moi importante, mais de novo nesta quinta pandemia ou quinta onda —chámelle vostede como queira— volveron equivocarse, precipitarse na desescalada e non aplicaron, como mínimo, o principio de prudencia. Efectivamente, non estamos na mesma situación de hai un ano, e o grave é que tiñan a información sobre os elementos para prever e previr a magnitude desta quinta onda, pero non os tiveron en conta, porque a esta altura, señor conselleiro, vostedes xa sabían que a variante delta do virus, predominante neste momento, é moito máis contagiosa e resistente, que se contaxia máis, máis rápido e que se mantén máis tempo.

Tamén sabían que no verán ían aumentar as interaccións sociais e a mobilidade. Tamén sabían que o nivel de vacinación diana vacinada á altura de empezar coa desescalada estaba moi lonxe



do 80 % ou do 90 % —que agora todos os expertos indican que é á que hai que chegar polas características da variante predominante en Galiza, que, segundo os informes, xa é nun 80 % a predominante—. Tamén sabían que o nivel de efectividade das vacinas non é do 100 % e que aínda que unha persoa estea vacinada iso non a exime de contaxiarse e de contaxiar. Tamén sabían que o máis eficiente para a loita contra o coronavirus é ter un sistema de rastrexo eficiente, localizar os contactos, illar as persoas positivas e os seus contactos e facer o seguimento e illamento das persoas positivas e dos seus contactos. E tamén sabían que teñen a atención primaria baixo mínimos, cos cadros de persoal reducidos á mínima expresión.

Sabían todo isto, e, a pesar de sabelo, non actuaron en consecuencia. Sabían vostedes e sabíao o conxunto dos galegos e das galegas. Sabían que co virus se ten que actuar con prevención e non por reacción, e, a pesar do anterior, volveron actuar por reacción, fiando todo ao factor sorte, e volveron ir por detrás do virus.

Porque, mire unha cousa, señor conselleiro, teñen un sistema de rastrexo practicamente desarticulado. Dezaseis meses despois da pandemia non contan cun sistema de rastrexo eficiente, nin eficaz, senón que, polo contrario, o que existe é descoordinación, confusión no control e seguimento dos positivos, nos illamentos e nas corentenas. Teñen un sistema baseado na precariedade, na estabilidade dos baixos prezos da empresa que o estaba levando, e todo indica que á nova que llo van adxudicar vai polo mesmo camiño.

E eu, dende logo, teño que dicirlle: ¿que Goberno responsable fai algo semellante cando se sabe que o máis eficiente para o control da epidemia é ter un sistema de rastrexo eficiente? ¿Como poden telo nestas condicións?

Vostede dixo hoxe aquí toda unha serie de cuestións a respecto do ben que funciona o sistema de rastrexo, que chaman nun tempo máximo de 24 horas... Eu vou facer referencia ao que di a prensa ao respecto (*A señora Prado Cores le unhas noticias de prensa*): «Nin rastro de rastrexadores galegos» —isto dío un medio de comunicación, sen ningún viso de ter conivencia ou de estar a favor do Goberno galego—. Voulle ler o que din persoas que deron positivo. Hugo di, por exemplo: «Chamei, chamei, chamei e ninguén me colleu. Chamei ata 60 veces. Non recibín ningunha mensaxe informándome de que estaba infectado, aínda a día de hoxe e non sei cantos días despois». Podo dicirlle o que di Pablo: «Sexto día confinado na casa, seis agardando pola chamada do médico de cabeceira. Non me fai seguimento ninguén. Convócanme para a vacina, cando sei que non podo facelo. ¿Cando me van a facer outra PCR? A xestión do Sergas é nula». Fátima mostra a súa total indignación polo tratamento recibido, porque empezou tendo febre, chamou, fixéronselle unha PCR unha semana despois, e ninguén lle deu aínda o resultado.

Se quere podo seguir, pero esta é a realidade que viven miles de galegos e galegas todos os días. Esta non é a «Galiza do país das marabillas» que vostedes nos describiu aquí, señor conselleiro, a dun sistema que funciona, cando non é así. Hai persoas positivas que pasan días sen que ninguén as chame, como acaba de ver, e indícanlles corentenas a unhas persoas e a outras, nas mesmas circunstancias, non se lles indican. Hai persoas desesperadas ante a imposibilidade de contactar co Sergas, cos rastrexadores ou con alguén que lles diga que teñen que facer. Esa é realmente a realidade.



E vostede volveu falar hoxe aquí da posta en marcha dun teléfono destinado a atender as persoas que fan o autotest na súa vivenda, para que lles conformen a PCR. Vostede volveu dicir que é un sistema áxil, de citación, para evitar saturación e carga de traballo na sanidade. ¿E cal é a realidade, señor conselleiro? A realidade é que hai un contestador automático que está dicindo continuamente: «Inténteo máis tarde. As nosas liñas están permanentemente ocupadas». Esa é a realidade dos anuncios que fan vostedes continuamente. Vostedes anuncian, e a realidade vai por outro lado; nada que ver co que vostede describiu.

Eu por iso lle teño que dicir que agardamos que se poña en marcha un sistema de rastrexo co persoal suficiente e formado, en vez da situación na que están, e que non se cargue os profesionais de primaria con ese labor.

A segunda cuestión que lle quero plantexar, señor conselleiro, é que se a variante delta do virus neste momento é predominante nun 80 %, é moito máis contaxiosa e resistente, ¿por que rebaixaron o nivel de exigencia dos protocolos de illamento e corentenas? Eu non acabo de entender, porque, se isto é así, ¿vostede cre que, a esta altura, con esta variante, o protocolo de estar en contacto cun positivo quince minutos, a unha distancia menor de dous metros, segue sendo eficiente? ¿Non cren que terían que ter revisado os protocolos e ter aumentado estas precaucións en vez de telos baixado? Dígolle que os baixaron porque vostede acaba de poñer unha cara de asombro... E se lles din ás persoas que non pasa nada, que sigan facendo vida normal e, ademais, non lles dá chegado a baixa é porque baixaron os protocolos, porque rebaixaron o nivel de exigencia á hora de facer esas corentenas. E non digo nada novo; o propio presidente dixo que a variante Delta do virus é moito máis contaxiosa e que se transmite en cuestión de segundos. Entón, consonte iso, tiña que ter tomado medidas de acordo con esta realidade, e vostedes non as tomaron.

Seguente cuestión, a atención primaria. Vostede dixo aquí que non van facer demagogia coa situación da atención primaria, pero demagogia é negar a realidade que estaba acontecendo. A atención primaria está totalmente desbordada e saturada, non hai ningún centro de saúde co número de profesionais que sería necesario. Os que están non teñen tempo nin capacidade, e sacan adiante o traballo como poden. Levan meses —levamos meses— dicíndolles que a situación na que teñen a sanidade pública, especialmente a atención primaria, está poñendo en risco a saúde física e mental dos profesionais e da poboación. Dixémoslles que era imposible atender o aumento da demanda coas vacacións, coa xente que chegaba, co aumento de contaxios..., e vostedes negaron sistematicamente esta situación. Dixémoslle insistentemente, dixéronlle os sindicatos, dixéronlle os profesionais, díxolle a poboación, e dílle a poboación todos os días nos medios de comunicación e nas redes sociais. Agora sumouse o Colexio de Médicos de Pontevedra, que puxeron a denuncia pola vía penal para que alguén asuma as responsabilidades da sobrecarga de traballo que teñen e da incapacidade de atender a poboación en condicións.

¿E cal é a situación? O aumento da presión asistencial, que non dan atendido: doentes desatendidos aos que cada día os atende unha persoa distinta —no suposto de que os atenda alguén—, persoal esgotado en concellos turísticos, co aumento da poboación no verán, que xa non é que non reforcen, senón que teñen sitios nos que se está atendendo baixo mínimos...



¿Vostede cre que, por exemplo, en Baltar, con tres médicos, poden facer o traballo de dez? ¿Ou pode crer que, por exemplo, en Seixo —onde vostede dixo aquí que non ía haber recortes— neste momento hai catro horas un profesional para atender dous cupos? ¿Ou en Cambados, cinco profesionais para atender o cupo de dez? ¿Vostede cre que nesas condicións se pode dar unha mínima atención de calidade á poboación galega? ¿Vostede realmente o cre? E, por certo, falando de Sanxenxo, ¿vai exixirlle rectificación ao alcalde de Sanxenxo por ter posto en entredito o traballo dos profesionais? Demandámosllo ao Partido Popular e obtivemos a calada por resposta. Gustaríanos que na seguinte intervención vostede dixera se vai pedirlle rectificación ao alcalde de Sanxenxo.

Consecuencias: traslada a presión asistencial aos servizos de urxencias e aos PAC, que están neste momento xa nunha situación de saturación; os servizos de ambulancias están saturados, como na área de Vigo, que hai un déficit brutal de ambulancias, o que fai que haxa demoras de horas ou que haxa desenlaces fatais, como foi o caso ocorrido en Cangas, onde o equipo de profesionais tivo que acudir en taxi a atender unha nena que caera na piscina porque non había ambulancia —unha nena que morreu o xoves pasado—. Repítense situacións que xa vivimos no noso país, por falta de medios, señor conselleiro.

¿Que vai facer para reforzar a sanidade, e en particular a atención primaria, señor conselleiro?

E tamén me gustaría que explicara por que o Sergas activou esa autocita para menores de 16 a 19 anos o 21 de xullo, cando todos os datos din que a incidencia é maior nos de 20 a 29. Vostede acaba de repetir aquí os datos, e a incidencia é maior entre os de 20 a 29. E fixérono sen comunicación previa, sen que tiveran a mesma igualdade de oportunidades quen non o sabía que quen si o sabía...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿Non cre que iso merece unha explicación por parte do señor conselleiro?

Polo tanto, a estas alturas, xa non queda ninguén por dicirlles que as cousas non as están facendo ben, señor conselleiro: medios de comunicación que se están facendo eco de situacións como as que acabo de dicir; a cidadanía, que fai pública esa desatención permanente; profesionais; sindicatos; e agora tamén o Colexio Médico de Pontevedra.

Gustaríame que me fora contestando as preguntas que lle formulei.

Moita grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas presidente.



Bo día a todas e todos.

Bo día, señor conselleiro.

Vou comezar por unha felicitación e unha boa nova, que sempre está ben. Na vida parlamentaria hai unha felicitación para vostedes, que entenderon, por fin, que tiñan que cambiar algunha cousa da Lei de saúde para que puidera saír adiante. Está ben cambiado, porque igual o relato confunde moito, pero tiveron que cambiar a lei, que non está mal recordalo, como dixemos algúns aquí.

E hai unha boa nova, e é que, como oposición, nós non somos o PP, que tamén é unha boa nova. Lémbrolle que, dende que empezou esta situación difícil, nós asumimos que isto é complicado, moi complicado. Gobernar esta situación é moi difícil, e nós comprendemos as circunstancias, comprendemos aquilo que poden ser, nalgún momento, erros, sempre ben intencionados, porque xestionar unha pandemia é algo inusual e, polo tanto, necesita que todo o mundo sexa comprensivo. Teñen sorte os gobernos autonómicos e os gobernos de toda Europa, que non teñen o PP de oposición, porque xa vimos o que é o PP na oposición aquí, en España, que é, probablemente, do máis lamentable que se viu en política en moitísimos anos en toda Europa, pero a verdade é que, por sorte, aquí vostedes non teñen ese PP na oposición, e nós somos comprensivos. Certo é que temos algunhas discrepancias no plano persoal, e incluso as comentamos moitas veces, pero cremos que é importante apoiar o Goberno. É certo que unhas cousas chaman un pouco a atención, como que o virus ata o de agora non sabía de fronteiras nin de persoas, e agora parece que si. Contáxiase todo o mundo, menos en Sanxenxo; en Sanxenxo no hai contaxios. (*Aplausos.*) Entón, por iso, coas incidencias máis disparadas, tardaron quince días en tomar medidas minimamente restritivas, como noutros lugares que tiñan a metade de incidencia. Pero, salvando iso, o demais, en principio, é comprensible.

Pero, como lle digo, nós entendemos as circunstancias, e cremos que a vacinación é un éxito colectivo, tamén desta consellería —por suposto que desta conselleira—. É un éxito colectivo, fundamentalmente dos profesionais, pero tamén de quen a xestionou. Niso eu apoio a xestión da Consellería, a pesar dalgunhas discrepancias, seguro, pero apoio a xestión da Consellería; o señor Feijóo, non, que di que a vacinación vai mal, porque dende o principio parece que lle molesta que a vacinación vaia ben. Xa sabe que dixo que chegaría en abril —chegou en decembro—; dixo que non teríamos vacinas suficientes —están chegando—; dixo que o 70 %, en agosto, que dicía Pedro Sánchez, moi mal —que non era o único que o dicía, vostede tamén o dixo, pero, en fin, ímolo deixar aí, non pasa nada—, e aí está o 70 %, e agora di que non podemos celebrar nada. E é certo, mentres a situación sexa mala, non podemos celebrar nada, pero somos o segundo país do mundo que máis vacina en termos absolutos.

A vacinación vai ben, é un éxito colectivo e, polo tanto, nesa parte na que o Sergas tamén ten moito que ver, nós felicitamos a todos os profesionais, ás persoas que están indo a vacinarse e aos sistemas porque, coa complexidade que contén e sen chegar aos números —que moitas veces algúns anunciaron, coma se isto fose unha carreira de anunciar moito—, si se están facendo as cousas correctamente, e estase chegando.



Como lle digo, nós non somos o PP. Lembre que aquí se debateu incluso sobre que o gran problema era que Pedro Sánchez non levaba unha corbata negra en lembranza dos falecidos —aquí, nesta tribuna—... En fin, cada un debate ata onde lle dá, pero nós, en realidade, compartimos iso.

Nós cremos que o problema é estrutural, non circunstancial. Ninguén ten a culpa desta pandemia, e non cabe na cabeza de ninguén —porque non é así—, sexa do partido político que sexa, que ninguén xestione esta pandemia con ganas de facelo mal. Todo o mundo o fai o mellor que sabe e, por sorte, en termos xerais, os niveis de dirección dos sistemas sanitarios —con discrepancias ideolóxicas tamén e con discrepancias de modelo— son niveis moi elevados. Polo tanto, nós comprendemos que as circunstancias se afrontan con dificultade, pero é unha cuestión estrutural.

Hoxe entendín que falaríamos moito máis de estrutura que de circunstancia. ¿Por que? Porque o problema que temos é estrutural basicamente. Ten que ver fundamentalmente —e aí está a orixe da comparecencia, que vostede falou de moitas cousas, e nós non temos tempo, pero vou ir ao que di a comparecencia— con, basicamente, o sistema de rastrexo e a atención primaria, porque probablemente aí está moito da explicación.

Mire, señor conselleiro, vou calcular mal, pero hai uns oito meses probabelmente aquí o noso grupo —eu tiven a oportunidade de facelo no nome do noso grupo— plantexaba cal era a situación dos rastrexadores, porque había defectos nos rastrexadores, había problemas cos rastrexadores, porque non había suficientes. Trasladei entón unha pregunta que de vez en cando sabe que eu repito sistematicamente, pero á que ninguén dá unha resposta. Vouno preguntar outra vez, porque igual entendemos que é importante: ¿cal é o número de rastrexadores que hai no Sergas? O señor Feijóo dixo que 6.147 —creo que foi ese dato— e vostede dixo, apenas á semana seguinte, que 700. Unha semana despois dixo que non sabía moi ben definir que era un rastrexador. Igual vai sendo hora de afinar o que é e de contratalos, porque, se non, estamos vendo contratos estraños a empresas externas que se supón que fan seguimento de contactos, pero o que pasa despois... Eu pregunto: non sei se hai alguén aquí que tivera que chamar ao telefono de contacto para falar cos rastrexadores. Se hai alguén aquí que o fixo —e non fai falta que entremos agora nunha conversa como se fora unha pregunta de profesor, non é iso—, sabe que non lle contestaron á primeira. Non é culpa dos que están, porque os que están bastante fan, é culpa de que este sistema dende o Sergas non está funcionando ben porque, en realidade, non houbo vontade de que funcionara. Probablemente saben que non lle colleron á segunda e probablemente coñecen alguén ao que non lle colleron á terceira, nin á cuarta. E probablemente coñecen —seguro, seguro, porque a todo o mundo dos que estamos aquí lles chegou máis dunha persoa que lles contou que hai alguén esperando aínda a que a chamen— a alguén ao que o chamaron 23 días despois ou a alguén a quen non lle devolveron un resultado dunha PCR. Son cuestións que son comprensibles, se foran puntuais, porque é un sistema grande, complexo, pero é que este é o sistema. A anécdota deste sistema é que funciona ben, a anécdota. ¿Por que? Porque non é posible soste un sistema tan complexo, unha rede de control e de rastrexo tan difícil como é esta con profesionais que están ás veces si, ás veces non, en turnos endiablados, que están cobrando mal e pouco, que, ademais, son moi poucos e sobre os que ninguén quere explicar algo tan simple como dicir cantos rastrexadores hai no Sergas. Porque esta é unha pregunta



que, igual ten unha complexidade máis, pero dende o noso punto de vista, non tería que ser difícil de responder. É un dato que nós levamos esperando; igual é o momento, por fin, para dicilo.

Sobre a atención primaria, que é unha cuestión estrutural, non será a primeira vez que debatemos sobre isto. Mire, vostede dixo aquí algunhas cousas, pero nós entendemos que hai que construír un relato, porque vostedes están na construción do relato, pero vostede dixo, por exemplo, algunha cousa, como que subiu doce puntos a presencialidade dende maio. ¿En canto estaba maio? Porque subir doce puntos é un bo dato, pero hai que saber de onde. E, se é posible, ofrezan algún dato que permita validalo, porque din que cumprimos o 40 % en decembro pasado, pero os centenaes de profesionais que se queixan debe ser que son os da parte de enriba da media. E avanza vostedes que estaremos no 60 % neste decembro. ¡Pouca ambición!, dende o noso punto de vista, pero, se é a que está marcada, é a que está marcada. En realidade, hai que validar os datos dalgunha maneira. Polo tanto, imos ser sensatos.

E sobre a situación do persoal, eu comparto con vostede, señor conselleiro, que non hai que facer demagogia, o que pasa é que eu onte vin algunha noticia de prensa na que falaba algún membro do Partido Popular e dixen: ¡vaia rapapolvo que lle está metendo o conselleiro aquí...! Pero, bueno, comparto con vostede; non sei vostede despois como xestionará con eles.

Mire, sobre o persoal de atención primaria, temos 1.000 profesionais menos dende 2009 —orçamento contra orzamento, non estamos inventando nada—, 150 prazas de MIR en Familia Comunitaria —que este goberno puido pedir e non pediu, dende 2009, acumuladas— baleiras, todas as que se poderían pedir. O Goberno foi decidindo pedir menos, debe ser que non contaban con que se xubilase a xente. Voulle dicir un segredo que lle contei ao anterior conselleiro: os médicos e as médicas tamén cumpren un ano cada ano, e sabemos facilmente cando se van xubilar. O 20 % dos MIR que acaban en Galicia acaban sendo profesionais estables do sistema, e o outro 80 %, non, repiten o MIR, vanse a outras comunidades, cambian de especialidade, para non facer Familia Comunitaria, porque non hai... ¿Por que? porque somos a segunda peor comunidade autónoma de España en condicións salariais, pero somos tamén a terceira que peor ratio de enfermeira por habitante ten; estamos por debaixo da media española en matronas por habitante; temos, ademais, menos do 90 % da atención primaria cuberta por pediatras en prazas de pediatría... E moitas veces presúmese, pero Castela-León, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, A Rioxa..., todos están por riba do 95 %. Polo tanto, temos un sistema deficitario en termos de persoal. E é certo que é un sistema problemático en toda España, pero é que, comparativamente, nós o temos moito peor, porque as condicións de recursos humanos que se ofrecen son lamentables. E agora vostedes inventan, primeiro, que hai que facer un MIR extraordinario, coma se a culpa do MIR extraordinario fose do Estado, pero que existan moitas prazas MIR vostede o atribúe como un mérito propio.

Contemos as cousas de verdade. Durante os anos do Goberno Rajoy, co señor Feijóo gobernando en Galicia, ¿pediuse algún ano o aumento de prazas MIR? Non. Polo tanto, ¿concedeuse? Non. O aumento das prazas MIR chegou en 2018, na convocatoria do 2019, co Goberno de Pedro Sánchez. Os tres MIR máis grandes da historia para Galicia, nos tres últimos anos, que tamén hai que dicilo.



Pero vostedes agora piden un MIR extraordinario para primaria. E a pregunta é: ¿quen os vai formar? Porque vostedes teñen un problema cos titores actuais xa. ¿Por que? Porque demandan máis tempo, porque din que non teñen as condicións, que non están ben pagados; pero é que, ademais, non teñen a capacidade de formar. ¿E imos pedir un MIR extraordinario? ¿E quen os vai formar? ¡Ah!, é que a cuestión vai ser que todo o que xa teñen os médicos e as médicas de primaria —que non debe ser pouco— aínda así o imos sacar cun MIR extraordinario. Imos ver se somos capaces de non botarlle culpas a todo o mundo e de asumir un pouco de responsabilidade. A política de recursos humanos desta consellería leva anos sendo cicatera e lamentable, e este é o problema polo cal se van. Claro que temos que traballar todos para ter máis profesionais, especialmente en Familia Comunitaria. Si, pero é que, ademais, temos unha comunidade que expulsa os profesionais. Logo, non nos laiemos de ser incapaces de contratalos. ¿Por que? Pois porque, mire, eu vou apelar á política estadounidense... Non é a política estadounidense unha cousa que eu admire moito, pero poñía o exemplo Joe Biden dos camareiros. Decía que dicían en Estados Unidos que non había camareiros, e el dixo: «Páguenlles máis». Eu xa non lle digo que lles paguen máis, senón que traten mellor os profesionais sanitarios; trátenos mellor e van quedar, este é o problema.

O rastrexo e a atención primaria son cuestións estruturais, sobre todo hoxe en día, e son as cuestións que están focalizando o eixo do primeiro choque contra a pandemia; digamos que son os que están no muro de fredda primeiro, todo o sistema...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: Pero nós cremos que aí é onde hai que dedicar moito esforzo, que ten que ver coa atención aos profesionais. Eles responderon, como saben, fantásticamente. Pero responderon a pesar das circunstancias e a pesar da xestión dos últimos dez anos, que é, probablemente, bastante mellorable.

Deixémolo aí.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Señor conselleiro, moitas grazas pola súa comparecencia, a cuarta no que vai de ano.

Sabemos e temos constancia de que todo o seu tempo o dedica integramente a esta tarefa tan complicada da xestión da sanidade nestes tempos difíciles de pandemia. Felicítamolo xa de antemán polos acertos que leva conquerido, e saiba que a meirande parte dos galegos lle agradecemos o seu esforzo e a súa atención constante. Hoxe mesmo, pola tarde, como todos os martes, ten reunión co Comité Clínico. Mañá imaxino que comparecerá ante os medios,



como fai cada semana. Pero, a pesar de toda esta información que dá acotío, algún grupo da oposición quería que, precisamente neste pleno do mes de agosto, vostede falara de sanidade. E, francamente, conselleiro, se se vai falar de sanidade, o Grupo Popular, e creo que a meirande parte dos galegos, preferimos oílo a vostede que oír o que ten que dicir a oposición, porque da oposición xa oímos moitas cousas e vemos que unha vez máis volven co mesmo discurso.

Imos recordar aquí, falando de vacinas, o que dicía o señor Caballero, cando dicía que tiñamos milleiros de vacinas na neveira. O que atopamos é que hai meses que Galicia sempre está entre as mellores comunidades en porcentaxe de vacinas administradas sobre vacinas entregadas. Dicíanos que o 99,3 das vacinas recibidas están administradas. Tamén dicían que iamos lentos no proceso porque había que contratar máis persoal para poñer todas as vacinas que ían chegar, e a realidade é que temos o persoal agardando ás veces durante días a que cheguen esas vacinas tan esperadas para poder poñelas.

Todos escoitamos o presidente do Goberno hai uns días, o día da entrega das medallas, cando, precisamente, felicitaba a nosa comunidade polo ritmo de vacinación nese momento, a segunda mellor despois da comunidade veciña, Asturias.

Á señora Pontón escoitámoslle dicir aquí que «os recintos de vacinación masiva xeraban aglomeracións, colas interminables e mesmo risco para a saúde», declaracións que non só foron profundamente irresponsables, senón que, ademais, se amosaron totalmente equivocadas.

Tamén o BNG defendía en febreiro que o único xeito de afrontar a onda que tiñamos entón era outro confinamento. Afortunadamente para a cidadanía e para moitas familias galegas que o estaban a pasar francamente mal o BNG está na oposición e o Goberno galego non caeu nese erro.

E todas esas cousas que a cidadanía escoitou e nas que a oposición segue erre que erre pois non as cre xa; nada novo, nada novo, como adoita ocorrer, por certo. Os galegos confiaron no Goberno, confiaron no presidente Feijóo e en vostede, e a día de hoxe lideramos o proceso. Sempre estamos entre as primeiras comunidades autónomas en porcentaxe de poboación vacinada —así llo escoitamos a vostede hai un momento—, e parece que estamos logrando saír pouco a pouco e con moita prudencia —como tamén lle escoitamos— desta última onda de pandemia sen que se comprometera en ningún momento a capacidade asistencial dos nosos hospitais galegos —somos a terceira comunidade autónoma con mellor xestión neste eido—.

¿E que lle queda agora á oposición? Pois insistir en máis teimas, nas teimas de sempre: na atención primaria, hoxe non falamos do peche de camas do verán —por agora— e no sistema de rastrexo. Este último período de sesións pechouse, precisamente, o día 25 de xullo falando de atención primaria na Comisión 5ª, de Sanidade —por certo, o único punto foi, a iniciativa do Goberno, unha comparecencia para falar, precisamente, desas reformas tan necesarias na atención primaria—. Alí escoitamos a directora xeral de Planificación e Reforma Sanitaria —polo menos quen quixo escoitala; parece que esas cousas non se transmitiron—. E escoitámoslle esta mañá, aquí mesmo, á señora Pontón dicir que non se está



facendo nada. Alí explicouse como o Sergas está indo aos centros de primaria a falar cos profesionais, a debater propostas e a deseñar con moitos deles experiencias piloto; experiencias piloto na xestión de axendas, na xestión da sobredemanda e na redistribución das funcións. Evidentemente, estas liñas de traballo que nos transmitiu o día 15 non mudaron a atención primaria no día de hoxe, 3 de agosto; de feito, son liñas de desenvolvemento que xa empezaron a finais do ano 2019 e que foron interrompidas a causa da pandemia. E estase a retomar con interese tanto por parte do Goberno —que a maiores creou esta nova dirección xeral— como por parte da maioría dos colectivos que forman parte da atención primaria. A vostede mesmo lle escoitamos esta mañá que teñen outra reunión do Consello Técnico de Primaria para seguir implementando estas novas medidas, e isto non se vai deter.

Pero agora, que esta reforma de primaria está rodando, que o diálogo está fluíndo, parece que hai quen ten interese en que se interrompa. Semella que hai quen non está cómodo con esta perspectiva dunha reforma, e moito menos con que esta reforma poida estar liderada polo Grupo do Partido Popular. E van intentar boicoteala, conselleiro, por todos os medios, pero non o van conseguir, porque nós si que confiamos no persoal de atención primaria, si sabemos que teñen ganas de traballar mellor, de facer as cousas dun xeito no que se ve a un goberno comprometido que ten ese obxectivo. Isto vai axudalo, por moito que algúns queiran impedirlo.

Efectivamente, a atención primaria neste momento está nunha situación complicada, sabémolo desde hai tempo, e sabemos que hai dificultades en varios eidos. Nunca o negamos, nin nunca o esquecemos, pero o Goberno soubo detectalas e cada día traballa niso, en detectar e solventar, dialogando e traballando no terreo.

E esta situación complicada non só acontece en Galicia, é similar no resto das comunidades e mesmo en Europa. Temos a fatal coincidencia, ademais, dunha onda epidemiolóxica nun momento no que temos moito persoal tomando as súas moi merecidas vacacións e despois dun ano moi tenso e temos no sistema a todo o persoal médico e de enfermería dispoñible e a todos os residentes dispoñibles.

Desde que comezou esta lexislatura, a Xunta aprobou dúas ofertas públicas de emprego, máis de 2.000 prazas. ¿Por que non se aprobaron máis? Pois iso discutímolo aquí moitas veces: porque hai un goberno en España que prometeu eliminar a taxa de reposición, e iso non se fai. Insisto no argumento, temos un goberno en España, un goberno do Partido Socialista, apoiado polo Bloque Nacionalista Galego, que prometeu eliminar a taxa de reposición, pero aínda estamos en espera, en «veremos».

Tamén nos últimos anos se aprobaron dúas ofertas de formación sanitaria especializada, máis de 1.000 prazas. E, ante a carencia de facultativos, a pregunta é sinxela: ¿por que non temos máis convocatorias en medicina de familia ou en pediatría en España? Porque hai un goberno que non crea máis prazas e que se nega a convocar prazas extraordinarias. Pero, señorías, onte á tardiña viamos esta noticia. (*A señora Amigo Díaz mostra unha noticia de prensa.*) Mentres que a Galicia e ao resto de comunidades lles negan esas prazas MIR, o Goberno di: «*España y Cataluña negociarán en octubre el traspaso de la gestión MIR*». Un sistema MIR... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, Illa negouno, pero, mire, nun pobo ve-



ciño do meu concello din que «o que din pola noite, á mañá non é nada». (Aplausos.) E isto é o que ocorre tamén co Goberno que temos, co Goberno nacional. ¡Isto é tremendo! Nós temos dúas cousas coas que presumir: unha o sistema nacional de transplantes e outra o MIR. O sistema nacional de transplantes intentaron boicotealo, e agora parece que tamén intentan facelo co MIR; dúas xestións que son equitativas, e son equitativas porque, precisamente, son nacionais, e iso é algo que nos compete a toda a nación.

Mire, para este evidente problema de persoal na atención primaria, volvo repetir: taxa de reposición e aumento de prazas MIR. Pero a oposición segue pechando os ollos ante a realidade deste problema estrutural e dicindo que a Xunta de Galicia é a única responsable. Din que é un problema de cartos. Se fose un problema de cartos, estaría resolto, repetímolo xa en varias ocasións. Hoxe a Xunta destina 94 millóns máis no orzamento vixente ao capítulo de persoal de atención primaria; 94 millóns máis que nos últimos que presentou o Bipartito. O PSOE mira o modelo asturiano. Pois, miren, en Asturias, hai titulares —traen aquí moitos titulares, pois eu tamén— (A señora Amigo Díaz le uns titulares de prensa.). Este é o modelo do PSOE: «Los médicos de primaria doblan guardias y llegan a atender hasta 16 pacientes a la hora». Sistema do PSOE, onde vostedes din: un xerente de primaria e outro de hospitalaria. Isto ocorre aquí. O Bloque Nacionalista mira o modelo catalán, e din en Cataluña: «Corren riesgo las vacaciones de los sanitarios en Cataluña». Señores do BNG, explíquenlles vostedes cal é o seu modelo e explíquenlle isto a este persoal, que está cansado de traballar acotío.

Xa termino.

Señor Torrado, no segundo tempo explicareille o da Lei da saúde, que aí tamén se luciron. ¡Lucíronse, si!

No tema dos rastrexos, pois todos coñecemos ese «a propósito dun caso» que sempre nos traen aquí, e desde logo nós lamentamos todos eses casos, pero cada vez hai menos, porque o Goberno reaccionou e escoitaron o conselleiro. Non foi fácil adaptar un sistema que estaba dimensionado para atender os contactos dos 2.000 positivos que había a 1 de xullo e os máis de 10.000 positivos que había quince días despois. Estamos vivindo unha onda tremendamente expansiva e isto, afortunadamente, desde o Goberno corrixíuse.

En definitiva, señor conselleiro, parabéns por poñer cordura neste festival do disparate no que a oposición quere converter o debate sobre a xestión en algo tan serio como é unha pandemia. Desde o Grupo Popular cremos que estamos en boas mans, que a xente o sabe e por iso votamos a favor cando o Bloque Nacionalista Galego pediu a comparecencia neste pleno. Porque canto máis o escoite a cidadanía a vostede —con esa chamada que fai á prudencia e ao sentidiño—, máis confianza vai ter a cidadanía nun goberno que estivo ao pé do canón durante todos estes meses, tan duros, e que vai seguir estando para afrontar os retos que veñen.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Para a réplica, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías.

Din vostedes, concretamente a señora Prado, que vimos aquí repetir datos de autobombo. É que, mire, a realidade é terca. Eu entendo que si, que lle poden molestar os datos que estamos a transmitir, como que Galicia é unha das comunidades que máis probas diagnósticas fai en todo o Estado, que ten a menor taxa de ocupación das UCI ou de hospitalización, que innovou en moitos sistemas... Eu entendo que isto non lle guste, señora Prado, pero é unha realidade. Despois vostede poderá dicir que hai autocompracencia, que non resolvemos nada...

Claro, eu recordo que nos peores momentos da pandemia apareceu un vídeo por aí que falaba do «capitán a posteriori», o que chegaba e dicía como se tiña que ter feito todo. Vostede hoxe foi aquí unha «capitá a posteriori», iso si, sen dicir o que tiñamos que ter feito en ningún ámbito. (*Aplausos.*) Igual que vostede me di a min que no meu turno faga e que critique a non sei quen, eu voulle pedir a vostede que no seguinte turno nos diga o que tiñamos que ter feito. Cando estabamos no momento onde a incidencia acumulada en Galicia e en España estaba naqueles bos momentos, cando o Goberno de España decidiu quitar as mascarillas no exterior, ¿que tiñamos que ter feito en Galicia? Dígamo vostede: pois tiñamos que ter feito isto, isto e isto.

Mire, dá aquí leccións da variante Delta. A variante Delta en Galicia coñeceuse antes que en ningún sitio de España; concretamente, no mes de abril detectamos o primeiro caso de variante Delta: 19 casos no porto de Vigo, cuns mercantes de coches. Bueno, pois, ¿pasou algo coa variante Delta en Galicia naquel momento? ¿Non se contivo? Fíxose un esforzo importantísimo —e estase a facer un esforzo importantísimo— de secuenciación. Galicia —por desgraza para vostede, polo que se ve— vén sendo sistematicamente a primeira comunidade que detecta variantes: a surafricana, a brasileira e tamén a Delta, no seu momento coñecida como India.

Claro que sabemos a dificultade que ten, e claro que estamos trasladando en todos os órganos onde temos voz e voto a necesidade de axustar o protocolo. Pero, mire, os protocolos de momento non son galegos, son nacionais, porque, ademais, eu non podo dar a unha persoa de IT 15 días ou 20 días, cando noutra comunidade está definido que son 14 días.

É certo que todo o mundo sabe a virulencia da variante Delta —en todo o mundo, ¡eh!, señora Prado, en todo o mundo— e todo o mundo sabe e fala desa virulencia, pero ninguén —nin sequera os cataláns, por suposto— decidiu dar un paso para modificar o criterio de contacto estreito.

¿Que tería pasado se en Galicia modificásemos ese criterio? ¡A que teríamos que escoitar de vostede! En Galicia aplicamos o criterio de contacto estreito, que é exactamente o mesmo que se establece no Consello Interterritorial, na Comisión de Saúde Pública e na Ponencia de Alertas. E si, de momento, está definido que un contacto estreito é aquela persoa que está



a menos de 2 metros, máis de 15 minutos e sen mascarilla. Ese é o criterio que se utiliza polos rastrexadores galegos, polos rastrexadores de toda España e creo que polos de todo o mundo. Hai dúbidas, efectivamente, de se teñen que ser 15 minutos, 10 ou 12. Galicia, no momento en que esa decisión se tome, será a primeira en adoptala, como fixo sempre, pero de momento imos seguir os criterios internacionais, e nomeadamente de España.

Repito, eu non sei que medidas tería tomado vostede a mediados do mes de xuño; non sei, ao mellor, deixar que os rapaces non foran de festas universitarias, que non se fixeran celebracións... Está ben, claro, eu tamén, se agora tivera que dicilo, diría o mesmo, pero daquela nin eu nin vostede dixo nada sobre isto, nin o Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, é unha desgraza, si, a pandemia chega así, e, efectivamente, nos topamos no mes de xullo cun aumento descontrolado de casos —descontrolado polos contactos—. ¿Que fixo o sistema público galego? Pois poñer todas as medidas que tivo na súa man. Primeiro, dimensionar o sistema de rastrexo. Vostede falou moito aquí do sistema de rastrexo. Bueno, eu acabo de dar uns datos que creo que son demoledores, e ademais tomei a molestia de buscalos e de traelos aquí a esta Cámara nunha comparecencia que vostede pediu. ¿Para que pide unha comparecencia se se traen os datos os e despois lle entran por un oído e lle saen polo outro? Pois voullos repetir, señora Prado.

Dende a primeira semana de xullo ata finais deste mes, 27.254 chamadas a positivos. Se vos- tede fai a conta, estamos falando de —imos dicir— 1.000 casos diarios en todo o mes de xullo, que serían 30.000. Pois foron 27.000 chamadas. 97.064 contactos, 389.748 chamadas na Central de Seguimento de Contactos en Galicia —non en Cataluña; que, por certo, en Ca- taluña o que din é que se apunten nunha páxina e que se autorrastrexen eles—. Trinta mil chamadas, repito, o 22 de xullo de máximo, e 95.000 PCR pedidas pola central.

¿Que datos non lle gustan disto, señora Prado? ¿Que lle parece? ¿Estou mentindo? Dime que minto. Se quere, podemos facer unha auditoría e llos dou por escrito e acreditados. O que non se pode facer é pedir datos, e, cando os datos non me convencen, dicir: é que vostede non conta nada. Si, contei moitísimo do que se está facendo na central.

Tamén dixen que se cometeron erros de dimensionamento, e, mire, señora Prado, ao prin- cipio do mes, había 130 positivos ao día —que nos parecían moitos, pero 130—, pero en menos dunha semana pasamos a días de 1.500. Bueno, pois, efectivamente, non fomos quen de dimensionalo de xeito rápido. Iso si, co sistema público que vostede ten aí agachado e que seguramente é a solución aos males galegos, iso podería facerse de xeito inmediato. Pois non, nós fixemos todo o que puidemos para adecuar esa demanda.

Hai un elemento novidoso —ademais, conteino; o que pasa é que igual non me quixo escoi- tar— nesta situación, á parte dos contactos que ten a xente máis nova, á parte das interac- cións... Eu teño un rapaz de 17 anos e sei perfectamente do que falo, e supoño que algúns de vostedes tamén. É moi difícil controlar a interacción da xente máis nova. Pois, nese contexto, tomáronse medidas para intentar acoutala, e a solución non era metelos nas casas, como alguén propuxo: todos os de 12 para arriba, metidos na casa. Iso é imposible de facer, je o que escoitaríamos se simplemente o suxeriramos!



Pois digo que se tomaron as medidas para intentar adaptarnos á situación. Medida número 1: cando unha persoa vai a unha farmacia e colle un test... Por certo, aquí vou aproveitar para dicir que os tests en farmacia están dispoñibles dende hai polo menos seis meses. O Goberno galego negouse a que eses tests se puideran vender sen prescrición médica, e negouse por activa e por pasiva. ¿Por que? Porque criamos que ía producir un aumento tremendo das consultas en atención primaria para pedir os tests. Eses tests non se aprobaron ata o pasado 22 de xullo, como dicía. E, unha vez que se aprobaron, sucedeu o que podíamos esperar moitos, que xerou un incremento da atención primaria, porque as persoas fan o test, cun resultado que hai que confirmar sempre con PCR, como dixen antes. Pois xeraron unha alarma —lóxica, por outra banda—. Bueno, pois precisamente para evitar esa alarma, dicía que puxemos a primeira fin de semana —a fin de semana seguinte ao 22— un sistema —no que si que hai que chamar, claro, porque a central non sabe quen comprou un test e o fai na súa casa— co que, cando alguén fai un test na súa casa e lle dá positivo, chamando por teléfono, se podía declarar ese positivo na casa, ao que se lle pedía unha PCR sen necesidade de ir a atención primaria.

Vostede fala de que, ¡claro!, chamaron a unha centralita, ¡e ter que esperar...! ¡Home, é que a min case me dan ganas de chamar á secretaría do Bloque Nacionalista Galego e ver se me colle á primeira alguén ou me entra unha centralita! ¡É que queixarse de que hai unha centralita! (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Mire, eu probei estes días a chamar en primeira persoa a esa centralita, e houbo días que tiven que esperar cinco tons, algún día esperei dous tons e outro día esperei seis. Bueno... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non sei cal é o problema. Eu si suelo probar as cousas que se poñen en marcha, e teño que dicir que a centralita da Central de Seguimento de Contactos funciona. Ás veces hai que esperar máis. Se chamo ás 12 do mediodía espero máis e se chamo ás 8 da mañá espero menos. Pero, en todo caso, repito e volvo darlle os datos: 380.000 chamadas. Bueno...

O que fixemos, como digo, foi adaptarnos, porque este é un sistema flexible. Señor Torrado, eu non quero volver... Eu, as primeiras intervencións, o número de rastrexadores... Dixemos moitas veces que o sistema de rastrexo —e voullo repetir; vostede pregúntame e agora vai ter que aguantar— (*Murmurios.*) está distribuído entre operadores telefónicos, médicos de atención primaria, enfermeiras de atención primaria, persoal das xefaturas territoriais —que fan un traballo excepcional, do que, por certo, ninguén fala; ninguén fala da xente da dirección provincial, que é a que realmente fai a trazabilidade dos casos e a que permite en moitos casos tomar decisións moi importantes nos comités clínicos que temos todas as semanas—... Bueno, pois todas esas persoas traballaron arreo nestas semanas, e o núcleo principal, que é recibir chamadas —que para iso coincidirán comigo que non fai falta ningún médico nin ningunha enfermeira— vaise dimensionando segundo as necesidades. E, como acabo de dicir hai un momentíño, incorporáronse 250 persoas adicionais ás que había para facer esa xestión das chamadas.

Polo tanto, creo que coas dificultades propias dese crecemento explosivo —repito— de 130... Miren vostedes como será que en Galicia —e tamén observen, porque o comentamos aquí—, no mes de xuño ou quizás un pouquiño antes, comezamos a facer o retrorrastrexo. Diciamos que, como tiñamos a capacidade de rastrexar, iamos rastrexar, pero non 2 ou 5 días atrás, senón que chegamos ata 7 días atrás. Esa capacidade tiñámola, pero, cando empezou a haber ese aumento de casos, por suposto deixamos de facer retrorrastrexo, e non só iso, senón que fomos engadindo cada vez máis persoal para poder atallar ese sistema.



Dicía vostede, señora Prado, que cambiamos o protocolo. Eu, de verdade, non sei de que protocolo me fala. Dícialle que seguimos falando das mesmas condicións para declarar contacto estreito, do mesmo tempo de corentena e dos mesmos criterios para facer a PCR. A única diferenza —e, ao mellor, refírese a iso— é que cando o contacto estreito é un vacinado con PCR negativa, o Ministerio de Sanidade e as comunidades autónomas estableceron un protocolo para que non tiveran que facer o illamento, excepto que fosen persoas que manexen inmunodeprimidos, por exemplo, nos hospitais. Estamos seguindo estritamente ese protocolo, señora Prado, non relaxamos ningún criterio, ¡ningún criterio!

Despois fala vostede da atención primaria. Bueno, de verdade, fíxose moito esforzo partindo dunha situación complicada —xa llo dicía anteriormente—. Tocounos esta onda que temos actualmente —e permítame que lle chame a cuarta, porque en Galicia non foi a quinta, volvo insistir nisto—, e esta onda actual coincidiunos no período, probablemente, máis complicado, porque é o das vacacións dos profesionais da atención primaria, que é do 15 de xullo ao 15 de agosto. Coincidiunos nesa situación, e, como todos os anos, os médicos de atención primaria cóbrense entre eles, cousa que non deixamos nunca de agradecer —é certo—, pero nós, cando planificamos as vacacións do persoal, se temos os facultativos para contratar, contratámoslos, para reforzar, pero temos un criterio fundamental —do que aquí ninguén falou, por outro lado—, que é a atención aos PAC. O noso principal criterio para utilizar os recursos que temos dispoñibles para a cobertura de vacacións son os puntos de atención continuada. É o primeiro que cubrimos, e cando despois de cubrir os puntos de atención continuada nos queda algún facultativo, cubrimos unha IT longa, unha situación nun centro de saúde onde varias persoas estean ausentes e non por vacacións... É o que facemos. Levamos facendo así moitos anos, porque xestionamos cos recursos que temos agora mesmo en atención primaria.

Eu non vou entrar aquí a discutir cales son os motivos de que non haxa profesionais en atención primaria. Creo que os profesionais, precisamente, os coñecen dende hai moito tempo; é un tema que está moi debatido, pero si vou comentar un par de cousas respecto do que se dixo aquí.

Por unha banda, unha porcentaxe moi alta dos profesionais de atención primaria que se forman en Galicia queda en Galicia, nós estimamos que arredor do 80 %. Si, quedan en Galicia, pero non só en atención primaria, senón nos servizos de urxencias, no 061, nos propios PAC, por suposto... Hai unha porcentaxe que marcha, a maioría aos lugares de onde veñen, porque de momento, mentres o Goberno catalán non consiga outra cousa, o sistema MIR é nacional e, entón, aquí veñen formarse extremeños, algún catalán incluso..., e, cando rematan, ás veces queren voltar á súa terra. Pero a maioría, como digo, quedan en Galicia. ¿E por que non quedan en atención primaria? Pois, por exemplo, porque hai un servizo como o de urxencias hospitalarias que compite en clara diferenza de igualdade. O sistema retributivo en urxencias dos hospitais —cando queira lle dou as características— é máis atractivo, tamén o sistema de traballo, e moitos médicos de familia formados en atención primaria escollen voluntariamente ir aos servizos de urxencias, non ao canario ou balear, ao galego; quedan a traballar aquí. Este ano, nomeadamente, a metade dos facultativos formados en Galicia preferiron quedar nos servizos de urxencias. Segundo vostedes, o que tiñamos que facer é dicirlles que non, que non podían quedar alí, que tiñan que ir a atención primaria. Bueno, de momento, esa é unha vontade do propio profesional.



¿Que temos que facer para romper esta inercia? Por unha banda, temos que ter máis especialistas en formación; é un clamor. Mire, vostede falaba do 2018. No ano 2018 houbo un acordo do Consello Interterritorial —o 24 de abril— no que o Goberno se comprometía a facer un monográfico sobre a atención primaria, a analizar as características dos títulos e a buscar sistemas de incentivación para que houbera máis títulos. Falaba, por exemplo, de traballar na integración de primaria e hospital, falaba de ter unha historia clínica electrónica única e falaba dun obxectivo realmente ambicioso: 1.500 TIS por facultativo. Iso é o que o Goberno de España naquel momento plantexou e o que se foi facendo nos meses e anos seguintes.

Chegado este tempo, non hai esa mesa. Por certo, esa mesa volví pedirla eu á ministra o día 30 de xuño no Consello Interterritorial presencial que houbo en Madrid; pedílle expresamente a convocatoria desa reunión extraordinaria para falar da atención primaria. Por certo, pedino eu e automaticamente todos os demais conselleiros —bueno, o de Cataluña non estaba, porque non ten a ben ir a esas reunións— socialistas, etc. sumáronse a esa petición, e todos coincidimos en que había que abordar de xeito urxente a definición das unidades docentes de familia e a posibilidade de crear unha convocatoria extraordinaria engadida á do ano que vén, pero que algo había que facer.

Polo tanto, nós, nesa liña, imos seguir, e así o manifestaremos aquí, no Parlamento, no Consello Interterritorial e onde faga falta. Hai que seguir traballando para formar máis médicos de familia. Hai que seguir traballando por que os médicos de familia non vaian a urxencias, se os formamos de xeito adecuado. Para iso, unha nova petición, que tamén lle trasladamos á ministra, é a creación dunha vez por todas da especialidade de urxencias. É absurdo que o ben máis prezado que estamos a formar nos nosos hospitais e nos nosos centros de atención primaria, que son os médicos de primaria, se vaian a urxencias porque non hai especialidade de urxencias. ¿Pero alguén se dá conta disto? Se formáramos médicos de urxencias, os de familia non irían a cubrir urxencias. Bueno, pois eu animo o Goberno de España a que dunha vez aborde este problema, como fan outros países civilizados. Se vostede ten unha necesidade en urxencias, forme médicos de urxencias. Imaxine vostede que mañá se crean equis prazas docentes en urxencias, pois liberamos o 50 % das prazas de familia para formar médicos de familia. ¡Mire que doado! Bueno, eu non digo que non teña dificultades, pero sentemos e falemos nun consello interterritorial, que é o que se propuxo.

Despois vostede di: claro, é que agora hai menos médicos de familia que no ano 2008. Pois, mire, volve dar un dato —despois vostede dirá que non—, no ano 2008 había 2.402 médicos de familia traballando no Sergas e no 2021 hai 2.515. Son 113 médicos de familia máis. Vostede agora dirá que os presupostos..., e eu podo dicirlle que son os APD e entrar nunha discusión. Pero neto hai máis médicos de familia hoxe traballando no Sergas que daquela, cando, por certo, a poboación diminuíu en case 50.000 habitantes; algo así como 33 médicos de familia menos que nos farían falta se abordáramos os cupos que hai en Galicia, que, evidentemente, non son eses 1.500, senón que son 1.245. Se falamos do resto de categorías, en primaria traballan case 600 persoas máis que no ano 2008.

Bueno, seguimos traballando, como digo, porque estas son cuestións estruturais, como vostede ben di. E, por certo, teño que agradecerlle o ton da súa intervención ao señor Torrado, unha vez máis, xa que é construtiva e, efectivamente, ese é un tema estrutural. Pero hai



temas non estruturais que si podemos abordar. Nós viñemos aquí traballar —e agradezo á deputada Encarna Amigo esa referencia— hai pouco tempo coa nova directora xeral de Reforma Sanitaria, contar polo miúdo en que estamos traballando en atención primaria. Parece que ningún de vostedes recorda nada desa intervención; ao mellor é que non o explicamos ben, haberá que volver insistir. Estamos traballando en traballo multidisciplinar, estamos traballando na incorporación de novas categorías ou de categorías existentes a novos roles, estamos traballando cos plans de saúde local. Hoxe, precisamente, a directora xeral de Reforma Sanitaria está en Cambados traballando coa xente de alí, que teñen un modelo específico, para intentar ter un plan local de saúde; un documento considerado como imprescindible no traballo que se fixo no 2019 e no 2020 sobre a reforma vertebrada da atención primaria. Aí acordamos todos —incluídos os médicos de primaria, por suposto— que había que ter un instrumento que permitira planificar, e sobre todo abordar a xestión da sobredemanda, que é un dos problemas crónicos do noso sistema. Bueno, pois estase a traballar niso. Repito que hoxe pola mañá en Cambados, pero, como dicía a doutora Encarna Amigo, mañá mesmo no Consello Técnico de Atención Primaria, imos poñer enriba da mesa dúas medidas concretas —e conteino eu hai un momentíño— para intentar que o labor dos médicos de primaria poida verse aliviado por outras profesións que están xa en atención primaria, como son as enfermeiras ou como son os farmacéuticos.

Nese compromiso do ano 2018 para os vindeiros anos, falábase tamén de que se incorporaran as enfermeiras de atención primaria. Miren, en Galicia están incorporadas, tanto que este ano trinta graduadas en Enfermería Familiar e Comunitaria especializadas tomaron praza en propiedade este ano en Galicia. Iso non o hai en ningunha outra comunidade autónoma. De verdade que chama a atención que non consideren nada en positivo, todo é destruír.

Repito, temos ferramentas. As enfermeiras de atención primaria con titulación e as que non teñen titulación teñen que dar un paso adiante, e estano a dar, estano a dar na vacinación, como puidemos comprobar o outro día e comprobamos todos os días. E teñen que dalo tamén na atención primaria, recollendo experiencias que hai por aí adiante, ou facendo a propia experiencia galega. Niso é no que estamos a traballar e o que imos falar mañá —dicía— co Consello Técnico de Atención Primaria.

Bueno, seguiremos traballando nas reformas, seguiremos buscando xeitos de axudar coas ferramentas dixitais. Outra das cousas, curiosamente, que no 2018 se acordou nese consello interterritorial para a reforma da primaria é algo tan espectacular como utilizar a telemedicina, que as persoas non tiveran que ir ao centro de saúde a facer cousas que poden facer dende o seu domicilio sen necesidade de desprazarse. Bueno, pois imos traballar tamén nesa liña. Temos a experiencia de Telea, que tan bo resultado deu. Cando antes dicía que hai 18.000 galegos nas súas casas sendo controlados a través dos médicos de primaria e das enfermeiras, moitos deles fano a través de Telea, que é unha aplicación que permite que o paciente diga: si, estou ben, non teño nada; e non se requira chamar por teléfono, que é o que están a facer —dicía— os médicos de primaria no caso dos positivos.

En definitiva, imos seguir traballando nesas reformas, imos seguir traballando na parte estrutural, e aí espero contar con vostedes para seguir apoiando esa maior oferta de prazas de formación de MIR. Espero tamén que vostedes se pronuncien sobre se a especialidade de



urxencias é unha solución a un problema que temos agora mesmo encima da mesa, que parece que para vostedes non existe.

En definitiva, espero seguir contando co apoio, por suposto, do Partido Popular e dos partidos da oposición para tratar de saír desa situación, que, dende logo, non era esperada, nin era querida, pero creo que podemos dicir que entre todos a situación desta onda en Galicia pouco a pouco vai superándose, e sobre todo amparada nestes bos datos da vacinación.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor García Comesaña.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Ten a palabra, para unha rolda de aclaracións, a señora Prado Cores, en nome do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora PRADO CORES: Véxoo un pouco nervioso, señor conselleiro. Non sei se é que lle desgusta que lle poñan o espello para que vexa a realidade. Teño que lembrarlle que o conselleiro é vostede. Quen ten que tomar decisións é vostede, e nós temos que facer de oposición, que é o que nos corresponde. *(Aplausos.)* E se non quere tomar decisións, avise que, entón, igual nos poñemos nós, pero avise, jeh!

Mire, paréceme moi ben que a directora de Reforma Sanitaria estea hoxe en Cambados; supoño que lle estará botando unha man, porque, de 10 médicos, están 5, e, de 9 ATS, están 4, e hai listas de espera de máis de dúas semanas para ter unha cita telefónica. Entón, agardo que estea tomando boa nota. Efectivamente, agardo que estea tomando boa nota.

Mire, o Partido Popular de «Galicia, Galicia, Galicia...». Resulta que se Cataluña pide o mesmo, pois imos aproveitar para pedilo nós, pero non, poñen o grito no ceo. ¡De ningún xeito! ¡De ningún xeito! O MIR non, o MIR non, resulta que non. Temos aí a Ana Pastor desaforada dicindo que de ningunha maneira. ¡En vez de ter competencias para non ter que botarlle a culpa...! Claro, pero é que así non terían a quen botarlle a culpa, ¿non? Se tiveran a competencia e puideran ter un MIR propio, non habería a quen botarlle a culpa *(Aplausos.)* E, claro, a partir de aí, teríamos un problemilla, a partir de aí teríamos un problemilla... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Exerzan de Goberno do país, ¡por favor! E se hai outra comunidade que está demandando competencias, exíxanas tamén para Galiza, para poder xestionar desde aquí. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora PRADO CORES: Pero non, non, non, non; o que hai é que seguir batendo o récord. Doce anos de goberno, cero competencias, e hai que seguir batendo o récord. *(Aplausos.)* ¡Diso é do que se trata! Agora que estamos en olimpíadas, do que se trata é de bater récords.



Bueno, dende logo, é unha lástima que teña tan pouco tempo, porque me gustaría contes-
tarlle a moitas das cuestións que vostede plantexou, señor conselleiro. Mire, a min non me
molesta que se fagan as cousas ben, o que me molesta é que os galegos e as galegas estean
desatendidos. E están desatendidos, porque o problema non é que haxa alguén que diga o
que se ten que facer, o problema son os miles de persoas que non atopan quen lles diga nada
ao respecto, onde non hai ninguén ao outro lado do teléfono.

Mire, eu tamén fago os deberes. Levo días intentando chamar a ese teléfono e non consigo
resposta, e, coma min, miles de galegos e galegas que necesitan o teléfono para que alguén
lles diga que teñen que facer ao dar positivo, ou saber que teñen que facer para saber se son
positivos, e resulta que non encontran a ninguén ao outro lado do teléfono. Esa é a realidade.

Diciáme un médico hai uns días que se vostedes o que están intentando é cargar a atención
primaria, estano facendo de libro. Efectivamente, se o que se busca é iso, estano facendo de
libro. Porque mire, ¡xa está ben!, ¡xa está ben de que teñan a sanidade pública galega en mí-
nimos de xeito permanente e que teñan que facer unha sanidade de guerra! Iso é o que están
facendo os profesionais, unha sanidade de guerra por falta de medios e de recursos. Se a
atención primaria non é atractiva, señor conselleiro, para os profesionais, actúe e faga que
sexa atractiva, que ese é o seu traballo, (*Aplausos.*) facer que sexa atractiva. Ese é o seu tra-
ballo, precisamente, ¡precisamente!

Entón, propostas: articule dunha vez por todas un sistema eficiente de rastrexo público. Si,
público, con medios públicos. Fixémoslle a proposta de que tiraran de lista do Sergas, de
auxiliares, de celadores, de PSX, que coñecen o sistema e o país para articular o sistema de
rastrexo. Vostedes, non; vostedes, a precariedade, e agora entregarlle 14 millóns de euros a
unha empresa para que siga cun sistema de precariedade que non está dando resposta. Esa
é a súa alternativa; a nosa, non; a nosa é un sistema público de rastrexo eficiente, perma-
nente, para ter un auténtico sistema de vixilancia, non soamente co rastrexo senón con ou-
tras cuestións. Aplique protocolo de illamento e corentenas acordos ao maior nivel de
contaxio. Demándeo e fágao. Se é que non lle deixan, fágase insumiso e poña as medidas
que vostede considere que ten que facer. Iso de ser mandadiño... Cando considere que non
están facendo ben as cousas, rebélese e fágaas ben.

Plan de recursos humanos. Remate con esa política de precariedade e explotación na con-
tratación para que sexa atractiva a atención primaria, para que, en vez de 30 de 70, queden
a maioría na atención primaria, que para iso fan a especialidade de médicos de familia.

E, por favor, neste Parlamento xa votamos a favor da especialidade de urxencias, a favor;
dígoo porque parece que non se enterou de que votamos a favor. Incorpore á atención pri-
maria todas as categorías; non faga redistribución de tarefas soamente, non, senón que in-
corpore todas as categorías necesarias para desconxestionar as listas dos médicos de familia,
para, ademais, ter unha mellor calidade asistencial. Incorpore dunha vez por todas psicólo-
gos clínicos. O 30 % das demandas en atención primaria teñen que ver coa saúde mental,
que está... — non teño tempo agora para dicirlle cal é a situación da saúde mental, ¿ver-
dade? — Incorpore psicólogos clínicos, logopedas, terapeutas ocupacionais, asistentes so-
ciais..., todas esas categorías necesarias para descolapsar e para darlle unha mellor atención



sanitaria á poboación. E faga que todas as carteiras, que todos os profesionais —estes novos e os que están agora—, teñan a súa carteira de servizos, porque son profesionais preparados, que teñen recoñecida esa cualificación para facer o seu traballo de xeito autónomo, sen estar secundarizados...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ¿Por que non o fai xa dunha vez por todas? Exixa que os 211 millóns de devolución do IVE se destinen integramente á atención primaria para que esta sexa atractiva e solucionar todos os problemas. *(Aplausos.)*

E, mire, aos profesionais está moi ben que lles recoñeza o seu traballo, está moi ben todo iso. As homenaxes son moi boas, as «medallitas», fantásticas, pero necesitan que se lles recoñeza o traballo, necesitan recoñecemento dos seus dereitos laborais e tamén remuneración, cousa que non están facendo nestes momentos.

E, mire, se non hai vacinas...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Prado.

A señora PRADO CORES:...—remato, señor presidente—, apoien a campaña de eliminación de patentes para que se poidan fabricar máis. Non se sumen a esa estratexia de que sexan as farmacéuticas as que teñan a sartén polo mango, as que decidan que se fai, canto se produce...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES:..., a que prezo se produce e cando se produce. Rebélense contra esa situación, negocien, exixan negociacións de calquera vacina que estea en condicións de ser aplicada e, entón, creerei ese «dicursito» de que poñerían máis vacinas se as tiveramos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas...

A señora PRADO CORES: Polo tanto, remato presidente, algunhas cousas fixéronas ben, pero outras... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado. Xa rematou o seu tempo.

(Aplausos.)

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día de novo.



Creo que temos algún avance; algún avance sempre se ten cando se fai algún debate. Eu creo que escoitei unha afirmación moi boa que describe un pouco por que chegamos a este debate. Dixo a señora Amigo —e corríxame se non é así—: nós preferimos vir escoitar o conselleiro que escoitar a oposición.

Bueno, eu creo que está ben definilo así. Eu procuro vir escoitar a todo o mundo. Se escoitaran a todo o mundo, igual era un pouco mellor, porque escoitarse só entre vostedes ten estas dificultades. En fin, non imos incidir niso, pero eu creo que é bastante descritivo, sobre todo porque hai algunhas cousas que se nos botan en cara, así como quen tira un saco, cando somos nós os que as vimos defendendo toda a vida. Pero, en fin, non pasa nada, imos intentar axustar, porque está ben.

Señor conselleiro, vostede di que agora hai 250 rastrexadores máis que antes. Está ben, porque, se di os que suman, sabe cantos son. Entón, igual é fácil poder contestar. ¿Cantos rastrexadores hai no Sergas? Porque, se sabe que sumaron 250, é que saben contabilizar quen si e quen non. ¿Cantos había antes deses 250? Ou mellor, para facelo mellor, despois dos 250, para que poida ser un dato máis grande. ¿Cantos? Porque é importante sabelo; a nós parécenos importante. Por certo, nun sistema que, por fin, se negou que fose concesionado e privatizado —pero éo; contrátase, redimenciónase, e a redimensión non é unha palabra boa para dicir: contratamos de máis uns poucos uns días e logo botámoslo; iso é o redimensionamento—... ¿Cantos hai? Esa é unha cousa interesante, porque así poderemos saber se o volume de chamadas que vostede di —que son bastantes, segundo di vostede— depende de cantos teñamos. Igual se tiveramos máis, poderíamos ter máis chamadas, pero igual está ben. En realidade, o que nós necesitamos saber é cantos son, e canto están destinando vostedes a algo que é importante, que é establecer unha trazabilidade que pode contribuír —entre outras medidas— a controlar máis a expansión da epidemia.

Sobre os profesionais, paréceme moi interesante, xa que vostede entrou un pouco no debate e na confrontación do problema xeral, estrutural, efectivamente, como nós dicíamos. Permítame entrar en varios puntos concretos —logo farei unha reflexión común—. Vostede di: ¡Ah!, vostede vaimos sacar aquí o orzamento dun ano e doutro e tal... Mire, eu sácolle o orzamento por dúas razóns: en primeiro lugar, porque é o documento oficial; e, segundo, porque todo o que non está nos orzamentos xa me explicará como se paga. É certo que o Tribunal de Contas di que a consellería que vostede dirixe é bastante opaca e que hai moitos problemas en fiscalizala. A min preocupárame bastante que houbese bastantes problemas en fiscalizar algo que eu dirixo, preocupárame bastante. Pero di que o Sergas —e non é cousa súa porque isto vén acumulado pero vexo que nese plano vostede é continuísta— é bastante opaco e que hai problemas en fiscalizar como gastan os cartos. Pero é que os orzamentos son o documento que di como se gastan, e os orzamentos, que tamén inclúen o anexo de persoal —denso sempre, para facer unha análise; aquí os debates de orzamentos teñen esas cousas—, din o que din: 1.041 profesionais menos en atención primaria entre o orzamento do 2009 e o orzamento do 2021, que son os anos do goberno de Feijóo—. (Aplausos.) E o demais é relato, pero iso é o que din os orzamentos. Porque, se non, ¿quen lles paga?

A especialidade de urxencias, como dixo aquí a señora Prado, xa a votamos neste Parlamento, e está ben. Chega tarde, e sabemos —vostede sabe— que o Goberno está traballando niso



—iso si, lento, porque é unha cuestión difícil—. ¿Sabe o que me gustaría? Ter escoitado o Partido Popular pedirlle ao Goberno do Estado de Mariano Rajoy a especialidade de urxencias. ¿Sabe cantas veces o fixeron? ¡Cero! ¿E sabe por que? Porque a vostedes a especialidade de urxencias non lles importa; impórtalles agora porque goberna o Partido Socialista en Madrid, porque niso é no que están, en botar balóns fóra. Claro que é importante, pero, por certo, chega tarde. Ten dificultades porque moitos médicos de primaria non a queren e hai dificultades corporativistas, pero nós defendemos a especialidade de urxencias. Defendémola agora e defendíámola antes. Vostedes non, a vostedes parece que o sistema lles importa nunha liña cando goberna o PP; e cando non goberna, noutra.

Vostede falou dos obxectivos presentados no 2018. Un bo punto de partida, pero vai lento, vai lento. Houbo unha pandemia polo medio, pero vai lento. ¿E sabe o que pasa e por que chegan os obxectivos do 2018? Porque cambiou o Goberno. ¿Cando estivo o Partido Popular planificando a atención primaria? ¡Nunca! Porque o déficit de persoal non se descubriu en 2018. ¿Ou é que non sabiamos en 2012, en 2010 e en 2005 cando se ían xubilar os profesionais? Por certo, nos próximos tres ou catro anos —de maneira moito máis intensiva polo volume dos profesionais e polas idades que teñen— moito máis. ¿Por que no 2018 empezan a queixarse? Porque empezou a gobernar o Partido Socialista. ¡Impórtalles o relato! A vostedes non lles importa o sistema —ás veces paréceo—.

¿Que pasa cos MIR? Pois pasa que cando chegou o Goberno no 2018 —se quere falamos diso— evidenciou que había 500 solicitudes de Galicia nun caixón —as prazas para habilitar—. ¿Cando protestaron vostedes? ¡Nunca!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ¿E sabe o que pasou? Que 150 prazas de médicos de familia comunitaria non se pediron durante dez anos. Debía ser que pensaban que non facían falta. Esas non facían falta.

Vostedes deixaron o sistema sanitario, en particular a atención primaria, feita trizas e agora aos seguintes —aos que convocan o MIR máis grande da historia tres veces seguidas e que cumprimentan as consellerías de todas as comunidades autónomas para facer un plan de primaria, do que vostedes se queixan de que vai lento, pero que se fai, que non se facía antes, e que está implementando melloras nas condicións laborais para os profesionais de primaria, que antes non se facía— estanlles botando a culpa de que non vaian máis rápidos. É máis rápido agora, aínda que sexa lento, que non facelo, que é o que fixeron vostedes.

Polo tanto, a ver se empezamos a falar menos diso e falamos de que temos a segunda comunidade autónoma con peores condicións laborais para os profesionais de primaria. Qui-zais por iso se van. Ese é o problema. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario Popular, ten a palabra a señora Amigo Díaz.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

A señora AMIGO DÍAZ: Grazas, presidente.

Grazas de novo, señor conselleiro.

Por máis que veña aquí a contar, a explicar polo miúdo, as reformas e a transformación do sistema sanitario, xa ve que a oposición segue na mesma teima.

Señora Prado, non entendeu nada do que lle dixen da equidade, do sistema MIR... Estamos falando en plan de Estado, en plan nacional, dunha equidade para todos os cidadáns deste país. Pero non entendeu nada. *(Murmurios.)*

Vou empezar, porque o tempo é limitado.

Señor Torrado, acabei antes dicindo que parece que non lle quedou moi claro aínda o que aconteceu coa Lei de saúde, polo que lle vou explicar.

Tróuxose a debate esta proposición, e o Partido Socialista sabe que dixo aquí que esta lei era un delirio bolivariano do señor Feijóo, que esta lei era unha deriva autoritaria, que quería implantar un estado de alarma permanente e que era unha lei que restrinxía os dereitos e liberdades dos galegos.

Cando se aprobou a lei, ¿que dixo o Goberno central? Negouse a abrir unha comisión bilateral para dialogar. O primeiro que fixo foi pedir de xeito urxente ao Consello de Estado ditame para recorrer varios artigos da lei. E o Consello de Estado díxolle que non entendía a que viña esa urxencia e que cinco dos seis artigos que querían recorrer non tiñan problema de inconstitucionalidade. Entón, o Goberno central levou ao Tribunal Constitucional só ese artigo, enteiro, todos os seus preceptos, argumentado, señor Torrado, que eran gravísimos e inconstitucionais. Pouco despois vimos que un goberno autonómico, da súa cor política, do PSOE, copiou literalmente todos estes apartados, agás un. E hai unha semana o Tribunal Constitucional levantou a suspensión de todos os apartados, agás un. E o Goberno central, para deixar de facer o ridículo nun asunto no que cada vez estaba máis arrinconado, decidiu retirar o recurso e falar.

E falando chegouse a un acordo nese único apartado que causaba dúbidas. E ¿que di ese acordo? Que debe entenderse que a vacinación obrigatoria da que fala a lei só poderá selo se así o decide a autoridade sanitaria estatal. E vou ler textualmente un extracto do que dixo o noso portavoz, o señor Puy, no debate de toma de consideración desta lei. E leo: «A vacina non é obrigatoria e, polo tanto, tampouco esta lei a pon obrigatoria, pero ¿que pasaría se o Estado» —que o señor Illa dixo que en principio non ía ser obrigatoria— «a pon obrigatoria? Pois se o Estado declara que é obrigatoria a vacina, esta lei prevé a situación de como vacinar cando sexa obrigatoria. Mentres tanto, evidentemente, a obrigatoriedade non funciona e non existe».

En definitiva, despois de todo o esperpento do Partido Socialista de Galicia ao dicir que era unha lei autoritaria, e do Goberno central ao dicir que era inconstitucional, e do PSOE de



Baleares copiando a nosa lei mentres o PSdeG seguía dicindo que era malísima, o resultado final ao que chegou o Goberno do Estado é un acordo que di o mesmo que dicía o noso portavoz do Grupo Popular cando presentou a lei... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Escoiten, por favor, escoiten!, porque eu, claro...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Torrado, por favor, escoite. Pare de falar e escoite.

A señora AMIGO DÍAZ: ...non llo vou explicar cada vez que veña aquí.

Parabéns, señores do PSdeG, un gran logro. Empezaron rexeitando a totalidade da lei e acabaron conseguindo que un apartado dun artigo diga o que defendía o portavoz do Partido Popular, e que o resto dos apartados e o resto dos artigos os copiasen os socialistas doutras comunidades autónomas. *(Aplausos.)*

Parabéns, señores do PSOE, porque nin querendo se pode facer unha xogada política peor, ten moito mérito e hai que recoñecérllelo.

Outra cousa que lle quero aclarar, señor Torrado, é que a especialidade de urxencias foi un acordo parlamentario, dos tres grupos que estamos aquí; un acordo no que, no contexto da Comisión de Reactivación, onde viñeron falar, todos estivemos de acordo. E eu boto de menos estes acordos parlamentarios e esa positividade en materia de saúde. Penso que deberíamos facer moitos máis. Entón penso que ninguén aquí se ten que apuntar ningún punto, pero a bóla agora está no tellado do Goberno central. Entón aplíquense vostedes en pedilo.

Falouse moito da central de seguimento. Levan meses estendendo dúbidas sobre esta central de seguimento de contactos, pero, que eu saiba...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora AMIGO DÍAZ: ...—remato xa—, pediron expedientes das contratacións de emerxencias que se fixeron desde o servizo da Xunta, e a Xunta entregounos. E desde entón non presentaron nada. ¡Que raro!, a Xunta entrégalles toda esa documentación dun asunto tan sospeitoso e tan tenebroso e vostedes non fan nada. Xa se resolveu un concurso público, isto está na *web* de contratos da Xunta, é transparente, están todos os pregos e todas as actas na mesa de contratación.

Señores da oposición, eu pídolles que cambien o discurso se queren gañar algunha vez as eleccións.

Remato xa dándolle as grazas de novo ao conselleiro e parabéns pola súa dedicación, polo seu esforzo na xestión que se está a facer na sanidade nestes tempos de pandemia; felicitación extensible —remato xa— ao conxunto de traballadores e traballadoras da sanidade pública galega, e grazas por estar a carón da xente e dos profesionais.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Amigo.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para o turno de dúplica, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor García Comesaña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Moitas grazas, presidente.

Señorías, nós imos seguir indo visitar os centros de saúde, o de Cambados, o de Ordes ou calquera outro centro onde creamos que se pode aportar. Non escapamos diso, señora Prado.

Evidentemente, dicir que nun centro de saúde, a 2 de agosto, a metade dos médicos están de vacacións... Bueno, é unha obviedade. Gustaríanos que non fose así. Pero ao mellor habería que utilizar o modelo catalán e prohibirlles as vacacións ¿non? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Pero non estamos nesa liña, cremos que esa necesidade das vacacións é así... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Por que me di que teño —non sei— algo na cara? *(Murmurios.)* Dicir que os traballadores están de vacacións ¿é algo malo? *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, substitúense. E ¿con que os substituímos? *(Risos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Fortes murmurios.)* ¡Ah, claro, claro!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (García Comesaña): Claro, claro, aí está o problema, efectivamente.

Pois, mire, substituímos todos os do PAC, como dicía hai un momentíño. O que pasa é que iso tampouco escoitaron. Todos os recursos que temos, os que temos para contratar, dedícanse fundamentalmente ao PAC. Vouno repetir, que xa o dixen antes: cando algún recurso para garantir a asistencia no PAC —que para nós é prioritaria— podemos utilizalo na atención primaria ordinaria, utilizámolo. Pero tradicionalmente os médicos de familia, e sempre llelo agradecín e seguirei agradecendo, nos meses de verán cobren uns os cupos dos outros. É certo que a demanda normalmente en todos os veráns baixa. Si, baixa, e cando queira pódolle dar os datos. No verán baixa. Claro, estas semanas non baixou porque temos unha pandemia, e resulta que aparecen os positivos e a xente vai á atención primaria, que é o que ten que facer, non hai outra alternativa. Insisto en que para iso, para evitar esa necesidade de ir á atención primaria, puxemos mecanismos cos recursos que xa comentei.

Señora Prado, agora mesmo, ao acabar, se vostede quere, collemos o teléfono e chamamos á central. Facémolo nun momentíño. Pode ser que tarden catro tons, cinco ou seis, pero facémolo se vostede quere. Porque dicir que se chama e que non colle ninguén... Vostede siga con iso, pero de verdade que a central funciona. Acabo de darlle uns datos que creo que son importantes. Pero, bueno, insisto en que haberá que seguir traballando.

En todo caso, eu si que creo que, con todo o que estamos a falar hoxe aquí, afortunadamente, todos estamos de acordo en que o proceso de vacinación funciona perfectamente. Galicia é un dos sitios onde máis e mellor se vacina, e iso é mérito de todos. Por suposto das enfer-



meiras de atención primaria, que deron ese paso adiante e están a traballar nos puntos de vacinación masiva. E substituíronse os seus contratos con duascenas persoas que contratamos no seu lugar. A organización funciona, e, segundo vaiamos tendo vacinas, remataremos dunha vez a vacinación de toda a poboación.

Confiamos en que nas vindeiras semanas poidamos avanzar de xeito importante na xente máis nova, que non quede ninguén atrás sen vacinar —que iso tamén nos preocupa e hoxe non falamos diso—. Temos que seguir insistindo, coa xente de máis idade que decidiu non vacinarse, en que o faga. Afortunadamente en Galicia esa porcentaxe é pequena, pero témola e hai que seguir traballando nela. Aí o señor Torrado sempre se manifestou a favor de traballar nesa liña, e eu quero pedir a todo o mundo que hai que insistir por aí. Hai moita xente que temos neste momento hospitalizada que, tendo a idade correspondente, non ten a pauta —ás veces nin sequera ten unha dose posta—. Polo tanto, aí hai que insistir.

Tamén hai que insistir en que acuda a xente que é chamada. Estamos notando —algo que tamén está pasando noutros países— que, á medida que imos baixando na idade da citación, a porcentaxe de xente que non acode vai medrado. Aí compensamos co sistema de autocita para cubrir eses ocos, pero hai que seguir insistindo. E aí pido a axuda de todos os grupos parlamentarios para animar a xente a que acuda a vacinarse.

E tamén dicía antes o dato dos que acoden aos cribados masivos. Daba un dato que creo que pasou desapercibido, que é que o 54 % da poboación que citamos para os cribados non acode. O outro día fixemos unha autocita nunha cidade importante de Galicia. Apuntáronse 500 persoas para ir facer o cribado —neste caso con antíxenos— e 300 non acudiron. Era no centro da cidade e no horario que escolleu a persoa que se apuntou. Temos que seguir insistindo neses cribados. Seguramente é algo puntual. É certo que, como mellor funciona, é sen ter cita, e, cando a xente chega e quere, colle a cita e marcha. Pois niso hai que traballar, pero tamén pido, nese sentido, axuda para animar nos cribados e na vacinación.

Creo que respecto da situación nos hospitais, como dicíamos, oxalá non tiveramos ningún paciente nas plantas de hospitalización nin nas UCI, pero cremos que se traballa de xeito coordinado, ben integrado e probando novos fármacos en ensaios clínicos. Creo que a situación está razoablemente ben, a pesar da situación que estamos a vivir con eses case 20.000 casos activos.

E quédanos o tema da primaria. Efectivamente, creo que estamos de acordo en que a situación da primaria é preocupante. Hai unha falta clara de médicos de familia, fundamentalmente; e agora, de enfermeiras. E temos que traballar para iso. E sobre a solución, evidentemente, señora Prado, eu estou de acordo con vostede en que hai que incluír novas categorías, niso estamos traballando tamén. Pero o máis urxente é aliviar o traballo da especialidade que ten, nese sentido, máis problemas, que é a de medicina de familia. Iso pódese arranxar metendo máis especialistas, e aí é fundamental a especialidade. Eu creo que temos que seguir traballando en que nos permitan acreditar máis unidades —seguramente que cun cambio ou unha modificación dos criterios das unidades docentes—. Nese acordo do ano 2018 que comentamos —o 24 de abril do 2018, señor Torrado, no que gobernaba o Partido Popular en Galicia— ... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* O 24 de abril do 2018 gobernaba, si, si. Pois



nesa reunión acordáronse unha serie de cuestións, e unha imporante —repito— era traballar nesas outras categorías e en dar eses pasos para que as unidades docentes puidesen tamén redimensionarse.

Ese esforzo de creación de prazas MIR, efectivamente, estivo aí. O Ministerio acreditou as prazas, pero quen as está a pagar é o Goberno galego —as prazas MIR—, porque igual alguén pensa que as prazas MIR as financia o Estado español. Non, fináncianas as comunidades autónomas.

E si que lle vou dicir unha cousa, señora Prado. Non podo estar de acordo con que, nin agora nin no futuro, a docencia MIR sexa unha competencia de ningunha comunidade autónoma, nin da galega nin da catalá nin de ningunha outra. Creo que isto é o mesmo —e apuntábo a señora Amigo— que se a ONT estivese transferida e os cidadáns cataláns xestionasen os seus órganos cando hai un doante e non llelos pasasen a ningunha comunidade autónoma. Pois na formación MIR, salvando as distancias, pasa algo diso. Nestes recursos e na capacidade da formación MIR do sistema non podo estar máis de acordo coa señora Amigo. Hai dúas cousas na sanidade española que destacan no mundo, que é o sistema de formación especializada e o seu sistema de doazón, e non podemos partilas en trozos.

Eu, ademais, mire, teño a desgraza de ter traballado en Cataluña nunha unidade docente (*Murmurios.*), e sei o que significaría que os residentes do resto de España non puidesen ir a Cataluña e viceversa, sería un erro maiúsculo. E confío en que o Goberno de España non ceda a esa chantaxe, porque para min non é máis ca unha chantaxe. (*Aplausos.*)

E, ademais, hai un contexto para min especialmente preocupante. Repito, na reunión de hai máis dun mes, exactamente, pedíuselle ao Ministerio de Sanidade unha reunión monográfica para abordar a formación dos médicos de familia. Deu a calada por resposta. Mañá mesmo volverei insistir no Consello Interterritorial en que esa reunión se produza. E, lonxe de producirse esa reunión, do que tivemos noticia onte é que, a partir de outubro, xa se arranxa o problema en Cataluña. ¡Lamentable!, non podo estar de acordo con vostede en que esa sexa unha transferencia que Galicia teña que demandar. Repito, nin Galicia nin ningunha outra comunidade autónoma. Aí, repito, non podo estar de acordo con vostede.

Vostede, claro, di que me faga insumiso. ¡Vaia consello! Deses non quero. (*Murmurios.*) A fortaleza do sistema sanitario en España é, ou debera ser, a coordinación. Esta figura do Consello Interterritorial debera funcionar para coordinarnos todos, e vostede aconséllame facerme insumiso. Mire, nós temos discrepancias no Consello Interterritorial, moitísimas. Falando de vacinas, alguén dicía: «Pida vostede máis vacinas». Xa as pedimos. Nós pedimos poñer a segunda dose de AstraZeneca cando outros dicían que había que poñer a de Pfizer. Grazas a iso en Galicia puidemos vacinar con Pfizer a moita xente por non facer caso desa recomendación e estiveron vacinados con AstraZeneca, e aí están os datos. E tamén dixemos que non, votamos que non cando se propoñía non poñer a segunda dose e estender o período sen segunda dose para abarcar máis pacientes. Sacamos uns datos espectaculares da base de datos galega, dicindo que, se poñiamos a segunda dose, os resultados serían moito mellores. E fíxosenos caso e así foi. E agora non imos facernos insumisos pero estamos a pedir que a vacina de Janssen se poidan utilizar a menores de 40, como di a súa ficha técnica e



como se dixo por parte desta comunidade autónoma, en primeiro lugar, e de moitas outras en moitos consellos interterritoriais. Aí si que imos seguir insistindo, señora Prado, pero insumisos non, señora Prado, non seremos insumisos.

Fala vostede da saúde mental. Mire, igual tampouco se enterou, pero o Plan galego de saúde mental está incorporando psicólogos, psiquiatras e enfermería de saúde mental nos centros de atención primaria. Levamos cinco incorporados nestas últimas... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Claro, a vostede pareceralle pouco, pero cinco, cinco. O Plan galego de saúde mental está desenvolto en máis do 80 % das prazas previstas para este ano. Seguimos traballando. Estamos de acordo, efectivamente, en que ten que haber psicólogos clínicos. E estámolos a poñer, pero —repito— o principal problema da atención primaria está na categoría de médico e de enfermeira, e aí temos que traballar. E ánimoa a que, se ten vostede aí algunha proposta —aínda que ao final as decisións as teña que tomar eu—, nola faga chegar a ese consello técnico onde están representados os sindicatos, os profesionais e a Administración buscando solucións.

E, como digo, mañá mesmo imos ter esa nova reunión para abordar dúas cuestións importantes: o papel da enfermería, tanto familiar comunitaria como enfermería non especialista, e o papel dos farmacéuticos. Temos un problema coa prescrición, é certo, hai un problema coa prescrición. Parte desa presión na atención primaria é dos paciente aos que lles chega o momento de renovar a receita e na oficina de farmacia non llela poden adiantar, loxicamente, e temos un problema. Imos buscar solucións para iso e, como digo, mañá vaise facer unha proposta nese sentido.

E seguiremos facendo propostas de aquí ao mes de setembro e outubro, cando queremos realmente ter varias iniciativas e poder poñer enriba da mesa estas solucións. Dende logo, no mes de xullo vai ser complicado. No mes de xullo teño que seguir pedindo esforzos aos médicos de atención primaria, sobre todo, e que, como veñen facendo estes anos de atrás, axuden a cubrir as vacacións dos seus compañeiros. Non hai outro xeito de facelo, non temos esa variña máxica para sacar médicos de atención primaria de onde non os hai. E insisto nese criterio de priorizar a atención nos servizos de urxencias de atención primaria, que é o noso principal criterio á hora de optimizar eses recursos.

Vou rematar xa cun dato que tamén é outra parte polémica, ademais da atención primaria, que é o rastrexo. Datos de hoxe mesmo: o 94,7 % dos positivos que se produciron onte foron chamados nas primeiras vinte e catro horas —o 94,5 %—. E o 95 % dos contactos declarados por estes casos positivos tamén foron chamados nas primeiras vinte e catro horas. Eu comecei a miña intervención dicindo que, nese incremento explosivo de casos positivos, ou sospeitas —porque, repito, a irrupción dos autotest de antíxenos nas oficinas de farmacia, de venda libre e sen prescrición provocou unha alteración do noso ecosistema de probas diagnósticas—, e admitindo un problema nesas primeiras semanas, neses primeiros días, cando os positivos aparecían e o cidadán non sabía o que facer con ese positivo, admitín, e así o volvo dicir, áreas de mellora no funcionamento da central. E tamén dixeran que se tomaron medidas moi concretas, como habilitar ese telefono para comunicar os positivos ou a nada valorada medida de poñer nas oficinas de farmacia un sistema de integración deses resultados nos nosos sistemas públicos; solución, que, por certo, lle plantexamos ao Minis-



terio de Sanidade nesa reunión do 30 de xuño cando anunciou que ía poñer en marcha os autotest para diagnóstico no domicilio. E alertamos do problema que podería xerar que os cidadáns tivesen un positivo e non soubesen que facer. Propuxémoslle que houbera no decreto, ou nun anexo, un sistema para que os positivos fosen comunicados ao sistema. Pois, como o Goberno non o fixo, nós fixémoslo. Primeiro fixémoslo con ese teléfono e dende hai dúas semanas, co Colexio Oficial de Farmacéuticos facendo un convenio que permite que eles poidan subir eses datos. Seguiremos traballando nesa liña, tratando de que todos os casos sospeitosos se detecten canto antes, se illen e que se lles faga a PCR correspondente —daba ese dato de 95.000 PCR pedidas no mes de xullo dende a central de seguimento de contactos—, buscando que esas PCR non as teña que pedir o médico de familia e, polo tanto, tratando de axudar a que a poboación nesta situación non acuda aos centros de saúde por ter outras alternativas. Cando estas alternativas non estaban, acudiron, e os traballadores fixérono do mellor xeito posible. Imos poñendo estas alternativas para que os cidadáns non teñan que ir ao centro de saúde. Aí seguiremos e aí, por suposto, nos atoparán para calquera proposta de mellora.


Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Rematamos a sesión.

Remata a sesión á unha e corenta e dous minutos da tarde.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

